

Encrucillada

A crise como problema político: menos liberalismo e máis democracia

por J. Ignacio Calleja Sáenz de Navarrete

Apontamentos sobre a crise em Portugal

por Teresa Martinho Toldy

Volver á pobreza, volverse para os pobres

por Santiago González Avión

Facer todo con amor

por José S. Montes Pérez

Alternativas galegas para outra economía

por Xosé Cuns Traba

Crónica política

por Xosé Luís Barreiro Rivas

Rolda da cultura

por Xoán Bernárdez Vilar

Rolda de igrexa

por Manuel Regal Ledo



Edita Asociación Encrucillada

Presidente: Andrés Torres Queiruga
Vicepresidente: Pedro Fernández Castelao
Secretaria: Engracia Vidal Estévez
Tesoureiro: Xosé Manuel Pensado

Mesa de Redacción

Pedro Fernández Castelao (dirección)
Marisa Vidal Collazo (secretaría)
Xosé Manuel Caamaño López (redacción)
Manuel García Villasenín (redacción)
Xosé Manuel Pensado Figueiras

CONSELLO DE REDACCIÓN

Xesús Acuña Garrido	Victorino Pérez Prieto
Rubén Aramburu Molet	Xesús Portas Ferro
Xoán Bernárdez Vilar	Manuel Regal Ledo
Xaquín Campo Freire	Anxos Renieblas Martínez
María José Cancelo Baquero	Elvira Santos Pena
Anxos Canive Brión	María do Carme Solloso Blanco
Ramón Cao Martínez	Carme Soto Varela
Hermelinda Dapena Tarela	Andrés Torres Queiruga
Antón Gómez González	Engracia Vidal Estévez
Santiago González Avión	Pilar Wirtz Molezún
Mariano Guizán Sánchez	Carme Yebra Rovira
Xosé Antón Miguélez Díaz	

REDACCIÓN E ADMINISTRACIÓN

Travesa de Vista Alegre, 21 - 1º C
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 813 608
e-mail: encrucillada@encrucillada.es
Páxina web: www.encrucillada.es

Prezos da subscripción anual (5 números)

• Ordinaria	22 €
• De apoio	A partir de 25 €
• Bonificada	15 €
• Número solto	6 €
• Dixital	12 €

Publicación bimestral

CONTA CORRENTE

Nova Galicia: 2080 - 0500 - 53 - 3040043431 - Santiago



ÍNDICE - SUMARIO

Nº 183

Volume XXXVII

maio-xuño 2013

Guieiro

por Pedro Castelao 3

Estudos

**A crise como problema político:
menos liberalismo e máis democracia**
por J. Ignacio Calleja Sáenz de Navarrete 5

Apontamentos sobre a crise em Portugal
por Teresa Martinho Toldy 25

Volver á pobreza, volverse para os pobres
por Santiago González Avión 40

Achegas

Facer todo con amor
por José S. Montes Pérez 55

Alternativas galegas para outra economía
por Xosé Cuns Traba 65

Crónicas

E se derrubamos cun petardo o Pazo de Raxoi?
por Xosé Luís Barreiro Rivas 74



As outras letras galegas
por Xoán Bernárdez Vilar 83

Carta desde a banda da esperanza
por Manuel Regal Ledo 94

Recensións

Los curas contra Franco.Ferrol 1950-1978
por Engracia Vidal Estévez 105

Mulheres que ousaram ficar.Contributos para a teología feminista
por Marisa Vidal Collazo 108

Na véspera do silencio
por Siro 110

La viña devastada. De Benedicto XVI al papa Francisco
por Pedro Castelao 113

Libros chegados
por Marisa Vidal Collazo 117

Ilustracións
por Soedade Pite 47, 69



Desde que o ano 2008 estoupou a crise na que aínda estamos *Encrucillada* permanece sempre alerta a este fenómeno tan complexo coma dramático. No número 162 da nosa revista (marzo-abril de 2009) comezabamos así o guieiro: «Estamos en crise: crise global e planetaria, crise económica e financeira. Nunha crise profunda que, polo que parece, veu para ficar unha longa tempada. *Encrucillada*, como revista galega de pensamento cristián non pode permanecer allea ás urxentes e fondas preocupacións que latexan en todos e cada un de nós, e que ameazan a estabilidade daqueles sectores sociais máis sensibles ás marusías do mercado».

Naquel mesmo ano dedicamos tamén o noso Foro ao mesmo tema. No número 165 (novembro-décembro de 2009) que recolle os relatorios presentábamolo deste xeito: «No número 162 de *Encrucillada* reflexionamos, da man de Luís de Sebastián (†), de Pedro Pedrouzo e máis de Daniel Muñoz, sobre a crise económica e financeira que estamos a sufrir. Alí atopou o lector unhas acaídas análises sobre o contexto macroeconómico no que se xerou a crise, unha lúcida reflexión sobre o seu impacto en Galicia, así coma ricas intuicións á hora de enfrontarse a ela desde as conviccións transformadoras do Evanxeo. Como anunciamos xa no guieiro daquel número, o XXIV Foro Relixión e Cultura en Galicia, titulado: *A outra cara da crise*, intentou profundar en novembro –con dous relatorios e unha mesa redonda– sobre ese mesmo tema. Pero agora fixándonos máis polo miúdo nesa outra cara que son os pobres, marxinados e desfavorecidos, por un lado, e polo outro, as posibilidades e iniciativas concretas que se poden desenvolver e, de feito, se están a desenvolver a fin de poñer remedio a tanta situación de precariedade e pobreza».

Pois ben, estamos en xuño de 2013 e a cousa está indo a peor. Invito aos lectores a repasar os números anteriores, pero tamén a ler este de vagar. Tres estudos ofrecen reflexións ben suxestivas que axudan a comprender mellor o presente. José Ignacio Calleja aborda o complexo fenómeno da crise desde unha perspectiva política. Ofrece unha interesante reflexión sobre economía e política e propón fórmulas de recuperación dun sistema democrático fortemente



eivado polas imposicións dos modelos neoliberais hexemónicos no sistema económico. Teresa Martinho Toldy achéganos á xestación da crise en Portugal, á emerxencia de movementos cívicos reactivos e construtores de alternativas e, finalmente, a diversas posicións intelectuais e eclesiais sobre a mesma. Santiago González Avión, nunha liña similar, aínda que non en todo coincidente coa expresada por Carlos Taibo no Foro de 2009, aposta con claridade polo decrecemento. Pero por un decrecemento que, inserido nunha espiritualidade cristiá que fai dos pobres lugar teolóxico de vida e pensamento (e só nesa orde), aposte por unha asunción libre e voluntaria dun proceso de desprendemento (austeridade) que axude a que as nosas sociedades aposten polo esencial e se distancien do superfluo e secundario.

Dúas achegas igualmente pertinentes e clarificadoras dan concreción práctica á perspectiva teórica traballada nos estudos. Na primeira delas, José S. Montes Pérez introdúcenos na impresionante obra de Cáritas. Con sinxeleza, pero con datos fundados, amosa a realidade cotiá dunha Igrexa que vive o que predica. Na segunda, Xosé Cuns Traba, realiza un completísimo informe que presenta ao lector de *Encrucillada* unha cantidade ben numerosa de alternativas galegas reais para facer posible outra economía. Cómpre avisar que o artigo en papel é un resumo da versión íntegra que ofrecemos, en aberto e de balde, en www.encrucillada.es. Alí poderán ver os interesados todos os links aos que se fai referencia no texto principal. As roldas política, da cultura e de Igrexa, completan un número no que tamén incluímos varias recensións que consideramos de grande interese. Coa mención á sección de libros chegados, xunto cos debuxos de Soedade Pite, despedímonos ata despois do verán. Non esquezades que o 26 de outubro é a data do noso próximo Foro Relixión e Cultura en Galicia. No taboleiro da revista tedes información cumprida do contido deste ano. Bo verán!

Pedro Castelao



A crise como problema político: menos liberalismo e máis democracia

J. Ignacio Calleja Sáenz de Navarrete

1.- Introducción

Hai tempo que me pregunto perplexo que lle pide a economía á política, con que dereito, e con que fins. Fágoo cada vez que sigo unha conversa de expertos e teño que conformarme cun prexuízo por resposta: se a economía pide algo, a política ten que facelo; é a primeira condición para que nos vaia ben a todos. Pero, que é irnos ben, e quen somos todos, e de que modo e en que proporción, e coa soberanía política de quen? Non esperen escoitar estas cuestións. A inmensa maioría dos profesionais da economía e da política participan dun realismo económico extremo, e fano coa mellor conciencia, –aínda que apelen á resignación–, pois o demais, pensan!, son utopías ou, peor aínda, ideoloxías trasnoitadas. Eles dan por boa a inevitabilidade histórica desta globalización neoliberalmente xestionada, e a partir de aí arrinca segundo din a política e a ética. Pero é así?¹

Esta observación do cotián faime recordar a advertencia dun economista, do que me convence e adianto a conclusión: “Véndense como supostas verdades científicas o que son visións do mundo ou intereses particulares...(porque a cuestión é) como se debe ser austero e estable. Trátase de opcións políticas. Os economistas non deberíamos permanecer calados...”². Ao contrario, –conclúo pola miña parte–, deberían dar conta de que as opcións políticas teñen moito que ver coa forza do diñeiro e non co saber social.

1 Cfr., a miña reflexión en *La democracia y sus “agujeros negros”*, Bilbao, DDB/IDTP, 2012. Inspírome neste ensaio para o que segue.

2 Jorge Fabra, J. Ignacio Bartolomé, *No es economía, es ideología*, en *El País* 17/09/2011.

Neste mesmo sentido, o profesor Viçens Navarro, escribe así sobre a importancia da dimensión política na crise nosa de cada día:

A petición máis transformadora, mesmo revolucionaria, que hoxe pode facerse é esixir que as institucións chamadas democráticas sexan autenticamente democráticas. Os *establishments* políticos, mediáticos, financeiros e económicos non o permitirán.

A máis revolucionaria e transformadora das peticións é “política”, –di este profesor–; e ten a aparencia do que está ao alcance dun movemento civil alternativo pero posible, –engado pola miña parte–. A miúdo pensamos que iso da revolución é algo químérico e violento. Outra vez a ideoloxía do medo.

Quero subliñar, entón, dúas ideas iniciais. Unha primeira, que a política como problema e como saída, consiste na rexeneración democrática da soberanía da *polis*, e unha segunda, que esta acción non é a dunha vangarda de elixidos para a gloria, cun coñecemento e heroicidade únicos; non é iso; ao contrario, trátase dun movemento civil de xente normal, que crece en rede e que o fai arredor de valores, accións e programas que transcenden do persoal ao social, do moral ao estrutural, do cívico ao político. Pero, unha vez máis, xente do pobo que toma conciencia de que a participación soberana lle pertence tanto como lle esixe; por necesidade, a maioría da veces; por conciencia solidaria, en non poucos de nós; por cálculo intelixente, noutros moitos. Todos a unha, –dise con esaxeración desmedida no cristianismo–; si, é certo, pero o desexo non debe ocultarnos que a política reflicte demasiadas veces intereses antagónicos; chamamos ben común ao *statu quo* reinante, e isto sen depuralo en clave de dereitos humanos fundamentais; sabido é que a primeira medida da súa realidade é como trata aos máis vulnerables da sociedade.

Feita esta introdución, reflexionemos sobre a política nesta conxuntura crítica, –a soberanía democrática dos pobos polo tanto–, advertindo nela algunhas carencias, e se é posible, tamén, algunhas posibilidades, co fin de considerar no seu ronsel a crise que padecemos. Interésanos sempre unha democracia realmen-

te participativa e social. Creo que na súa falta está xa ameazada sen remedio a mellor ética persoal. Parecerá unha obviedade dicir isto, pero non a é. Non pouca xente pensa na democracia participativa sen soberanía ningunha sobre a economía, e no de social, como un asunto discrecional. Non. En cristián dicimos que se alguén non dispón duns mínimos reais para unha vida digna, –e a busca con ganas, particularmente a través dun traballo decente–, e se alguén ten que renunciar dende o principio ao protagonismo naquilo que lle afecta directamente, –por exemplo, na economía financiarizada e na vida política a ela subordinada–, a democracia de mínimos de xustiza non se cumpre en canto a el. E disto vai a nosa experiencia, non?

Nos límites dunha exposición reducida coma esta, –sobre algunhas claves políticas da crise social contemporánea–, sabemos que hai diversos modos de considerar esa práctica humana. Ás veces comezamos pola política no contexto da globalización economicista neoliberalmente xestionada, profundamente desigual e ata insostible nos seus resultados, (“economicida”, dixeron algunha vez), e preguntamos que modelo de desenvolvemento nos permite falar en serio dunha vida digna para todos e, polo tanto, dunha política democrática como posibilidade certa para logralo e mantelo. Con esta mirada tan global, todos deberían asumir que as necesidades xerais do mundo só poden ser satisfeitas mediante a promoción dun ben común universal; o cal significa, en primeiro termo, a salvagarda de condicións humanas de existencia para millóns de seres humanos; ou o que é o mesmo, que hai bens comúns e imprescindibles, verdadeiro patrimonio da humanidade única, que son o auténtico espazo dunha loita política xusta. Escapar a esta dimensión do problema político, por afastado do propio e local, é negar unha das instancias máis radicais de xustificación da política democrática: á globalización económica, e á súa inxustiza extrema, correspóndelle ser gobernada por algunha forma de organización política democrática. Necesitamos o control político da globalización económica. Os Estados, os seus sistemas democráticos, están sendo sufocados pola concentración do poder económico e

financeiro, e nin eles inspiraron unha alternativa política unitaria que poida gobernar democraticamente o mundo, –en nome dos cidadáns, convertidos hoxe en meros consumidores e usuarios–, nin está claro que esa alternativa política unitaria, –traducida a autoridade política universal³–, poida selo hoxe democrática; a desigualdade real das economías e as nacións é tan extrema, que nin cualificándoa de autoridade universal subsidiaria e sometida a dereito, é sen máis democrática. Polo tanto, é lóxico dubidar e discutir de como organizar a xustiza social mínima para todos os pobos, –en situacións reais de desigualdade extrema–, se por camiños máis locais ou máis internacionais, e onde cabe que saia mellor parada a democracia dos pobos. O tema é complexo⁴. E se ben a DSI aposta polo primeiro camiño, non faltan teóricos e movementos sociais que recean desa opción. Eu participo de que é necesario e posible arroupar o protagonismo dos pobos mediante institucións políticas democráticas de alcance mundial, pois ningunha outra cousa de menor calado ético pode ser o goberno político da globalización económica, pero sei que a realidade das grandes potencias pode facer disto, –e polo momento faino–, unha peza estratéxica da mesma desigualdade. Entón, por que defender este camiño? Creo que a política democrática ten máis opcións de mellora pola canle internacional dos controis políticos e sociais ca nun localismo de vello ou novo cuño; un sálvese quen poida imposible. Creo.

É claro, entón, que a democracia e as súas limitacións en relación ás inxustizas do sistema social no seu conxunto, –globalizado e financiarizado en grao sumo–, cobra moita transcendencia hoxe; entendo que sexa a clave para os máis críticos da política como ela é. Non obstante, tras recoñecer ese nivel do problema, vemos que á xente lle preocupa máis se cabe a democracia inmediata en que vivimos; a do Estado ao que pertencemos. Enténdoo. Sempre o próximo e tanxible nos parece máis importante. Digo que nos parece, e debemos esforzarnos en non desconectar ambos os

3 Pontificio Consello Xustiza e Paz, *Nota: Por una reforma del sistema financiero y monetario internacional*, 25 de outubro de 2011.

4 Cfr., O meu traballo, *Moral social samaritana I e II*, Madrid, PPC, 2004 e 2005.

dous planos. Non obstante, pensemos na nosa democracia política, –a española–, nas súas moi graves deficiencias de participación e transparencia, e en como ela, para selo, hase de examinar sobre a igualdade mínima de oportunidades reais de vida para todos, e dos máis vulnerables en particular. Todo iso, á medida dos humanos, por suposto.

2.- Vello síntomas dunha democracia moi superficial

En canto á democracia política e a súa valía interna, hai epifenómenos que problematizan de lonxe o seu valor nos Estados democráticos. A nosa democracia é tardía, pero repetiunos e multiplicounos. En concreto, recórdoos así:

2.1. En primeiro lugar, o débil potencial democrático da sociedade civil, e isto dende a noite dos tempos. A formalización do sistema político democrático é moi intensa. A realidade, nas súas desigualdades efectivas, tantas veces históricas, continxentes e culpables, é pensada a través dunha noción formal dos dereitos e liberdades democráticos, que en boa medida perverte. A persoa e a liberdade política do individuo, a propiedade privada e o mercado libre aparecen nas democracias, –dende o inicio–, con realizacións claramente inxustas na súa efectividade histórica cotiá; o pluralismo lóxico e lexítimo da sociedade civil devólvesenos como desigualdade radical en tantos sentidos que só certa alienación pode xustificalos. Son millares os exemplos de como sofre o protagonismo democrático da sociedade civil, a partir da lóxica formal do primitivo liberalismo, e a súa multiplicación incontrolada no neoliberalismo político e económico da nosa hora.

2.2. A esa formalización extrema da democracia liberal e, hoxe, neoliberal, e aos seus efectos sobre o protagonismo lexítimo da sociedade civil, acompañounos, –segundo non poucos dende o principio–, a omnipresenza dun Estado falto de medida na súa expansión. Esta omnipresenza do Estado provoca efectos como a crecente complexidade da vida pública, o desmesurado sistema administrativo de especialistas ao seu servizo e a minorización dos

cidadáns que se desentenden do público. O seu resultado político, unha dialéctica tan difícil de parar como de explicar en todos os seus termos, pero a consecuencia da cal foi clara: o protagonismo político da administración devén voraz e case incontrolable.

Pero isto non é todo. Se, pola súa banda, a clase política elixida nos procesos democráticos sabe que necesita conectar con esta administración e pactar con ela unha convivencia en equilibrio de intereses; e se esa mesma clase política depende en tan grande medida da dirección do seu Partido (mandato imperativo) e dos grupos de presión máis destacados na cidade, estamos ante unha suma de intereses de imposible encaixe nunha democracia crecentemente participativa e social. A medida que estas elites pactan entre si solucións de equilibrio e reclaman para elas, como un dogma da política, a definición do interese público, a democracia afástase do protagonismo popular que a caracteriza. A mensaxe que se estende é clara: non hai arbitrariedade niso, senón coñecemento. O caso español, despois de 1975, leva isto ao paroxismo.

2.3. Este extraordinario crecemento da presenza e protagonismo do Estado na vida pública da sociedade civil, coincide cunha falta de publicidade e transparencia da praxe política democrática, en sede parlamentaria e xudicial, primeiro; na actuación executiva, por suposto; e nos medios de comunicación, finalmente. O control parlamentario e, despois, xurisdiccional da acción de goberno, require independencia nos poderes do Estado e a máxima transparencia. Aforro algúns comentarios sobre o sistema de repartición de poderes na nosa democracia española, e a súa independencia. A pouco que saibamos, algunhas cousas están claras. O manexo das leis electorais segundo conveña, o xa amentado protagonismo decisivo das direccións dos partidos ao compoñer as listas electorais, a colonización da política por tramas de escuros intereses privados, non necesariamente ilegais, ou a necesidade de conseguir financiamento público e privado para as actividades dos partidos (e sindicatos), dan ao traste con boa parte da transparencia e independencia da vida política.

Evidentemente, observando o dito, a suma destas quebras da democracia (neo)liberal, –e o caso español é paradigmático–, leva consigo sentimentos moi estendidos de apatía en canto á participación, particularismo nos obxectivos sociais, cando non, directamente corporativismo organizado, resignación ante unha realidade aceptada como o que hai, e, en moitos casos, cada día máis!, contestación social de diversos tipos.

3.- Sobre as razóns de fondo e que veñen de lonxe

De ser certo algo do anterior, e querendo afondar en se houbo algunhas razóns ideolóxicas e materiais que nos axuden a explicar mellor como chegamos ata aquí, e, así, a encaralo politicamente, propono comezar por unha observación e a pregunta subseguinte.

3.1. Posto que a mingua en participación e representación democráticas é un problema substantivo, a pregunta cae polo seu propio peso: fallan os procedementos de participación política coñecidos, por sobrecarga de demandas sociais, e é lóxico reformalos e, en certo sentido, formalizalos para facer viable o modelo? Ou, segunda hipótese, están a ser cada día máis formalizados para facilitar a súa ocupación por grupos de intereses alleos á soberanía popular? A resposta é clara: hai unha formalización extrema das canles democráticas que despraza a soberanía das nosas sociedades a favor dos grupos económicos e sociais máis poderosos. A economía colonizou todo. A relación de poder social, –tan desigual nas nosas sociedades democráticas– é imposible ignorala ao contar o déficit da democracia en termos de participación e solidariedade. Ao estalar a crise financeira, son os mercados de capitais, o seu suxeito, os que reclaman e imponen con claridade unha relación de servidume absoluta aos Estados. Poderíase dicir que mentres os Estados serviron para gardar certo pacto entre as clases sociais e as economías de distintas rexións do mundo, o capital invitounos a sumarse á festa e aceptounos, nalgúns lugares, como Estado de Benestar; pola contra, cando estalou a megaburbulla financeira, a que procede das oportunidades de negocio que o diñeiro ten,

sen pasar pola economía real!, e da globalización na comunicación informatizada de datos, o novo capitalismo xa non ve a vantaxe de pactar cos traballadores e as clases medias un Estado de Benestar, e, polo tanto, non está disposto a compartir con ese Estado a súa primoxenitura; en consecuencia, xógase as cartas contra el, para esixirlle servidume nas leis e reformas estruturais. Ata acabar coa democracia en todas as súas formas? Ata desnaturalizala, dende logo que si. Chámano, racionalización das súas funcións. Ai, as palabras! A súa contestación require, obviamente, procedementos de participación e decisión reais nun mundo único, unha aldea do diñeiro e as decisións. Está en xogo, “recuperar a primacía do espiritual e da ética e, con iso, a primacía da política, –responsable do ben común–, sobre a economía e as finanzas”, escribe o Pontificio Consello Xustiza e Paz⁵.

3.2. En segundo lugar, hai un problema cultural importante, e é o referido ao subsolo ideolóxico do capitalismo liberal (do liberalismo económico e político), como factor condicionante da perversión democrática das nosas sociedades, e que non é outro que o chamado individualismo solitario e posesivo, fronte ao personalismo sociable e solidario. Ese subsolo ideolóxico do capitalismo liberal evolucionou, os últimos anos, ata o economicismo como paradigma cultural da vida social: coñecer, decidir e pensar todo en termos do seu valor monetario. Pode chamarse tecnocratismo ideolóxico (Bieito XVI na *Caritas in veritate*, nn 70-71), ou economicismo neoliberal, pero o caso é que a pretensión de autonomía absoluta da economía, como ciencia social e como práctica, cobra nel todo o seu auxe cultural; e faino fronte á moral e a propia política. Ou dito doutro modo, máis preciso, e en relación á economía, ela non admite máis referencias morais ca as que elixe como necesarias para autorregularse nos mercados. Un acto de fe en sentido estrito! Ela pretende ter no seu seo a sabedoría técnica e ética para cumprir as súas funcións coa maior perfección posible. Outras pautas morais, dende fóra da economía, –irá de si mesma–, son idealistas e ineficientes. Fan dano ao proceso económico. E

5 Pontificio Consello Xustiza e Paz, ou. c. n 4.

isto como unha sabedoría da propia ciencia económica. No meu criterio, unha ideoloxía enchida de intereses, descaradamente presentada como ciencia social.

Nestas condicións, a ética e a política democráticas, colonizadas pola economía na súa peor versión economicida, xa non poden subsistir. O neoliberalismo, lonxe de asustarse da súa pretensión colonizadora da política e a ética social, postulouse (xa non é crible) como saber universal e científico. En realidade é non obstante, unha antiutopía teórica que sacraliza o mercado como divindade. E, que é da conciencia utópica e das loitas sociais? Sen dúbida, –dirá–, unha conciencia quimérica que ignora o movemento natural da historia. As vítimas? As menos posibles; outra cousa é soñar co ceo na terra. Isto diciánnos, pero, quen o cre aínda? Non, xa non. Agora non os cremos, e a calma indignada de tantos xa só é medo e cálculo de como administrar a escasa marxe política de cada grupo social fronte ao poder económico e as súas ameazas. No ronsel da ideoloxía neoliberal, coma a súa alma, a política democrática avanza cada vez cun chanzo máis baixo de esixencia moral, unha realidade social de vítimas ou ameazados, –en cada país–, e de pobos enteiros, –os eternamente excluídos–, cada día máis desigual⁶; isto, no mellor dos casos, pois no peor, –e volvendo ao caso español–, refórmase a Constitución nunha tarde e por decreto, e todo se dá por bo.

4.- Do descrédito da democracia real ao coñecemento da súa subordinación financeira.

Vimos que as carencias da democracia política estaban aí e que a súa crítica, non obstante, é máis patente a medida que a crise económica o inundou todo.

4.1. En efecto, houbo un momento en que a nosa conciencia política democrática foi cualificada, en frase feliz, como democracia política dos satisfeitos: unha democracia electoralmente pro-

6 Cfr., Díaz Salazar, R., *Desigualdades internacionales. Justicia, ya!*, Barcelona, Icaria, 2011. Sempre co imprescindible e ao claro, González Carvajal, L., *Países ricos y países pobres, en Entre la utopía y la realidad. Curso de Moral Social*, Santander, Sal Terrae, 1998, 135-180.

tagonizada polas clases medias e altas, os integrados, e ao servizo dos seus intereses; unha democracia política moi formalizada nas súas liberdades e dereitos fundamentais; unha democracia progresivamente descargada das demandas sociais dos grupos máis populares, segundo crecían en número e necesidades. E se, ao comezo do que se deu en chamar financiarización da economía globalizada, cando a tómbola daba un pouco para todos, parecía que as democracias políticas, e os seus Estados, aguantaban o tirón e os cidadáns dabamos por bo aliviarnos en algo da súa presenza fiscal, –baixar impostos é de esquerdas!–, agora todo deu un xiro. Se nunca faltaron probas ben concretas e firmes da descohesión social reinante en tantos ámbitos da convivencia, (a política, o sindicalismo, a información, a ideoloxía, o capital,...), a experiencia de descohesión social, e por ende, de inseguridade, foise instalando como a característica política da sociedade española, –entre outras–, e da comunidade internacional. Nin a política como Estado e como democracia, nin a empresa, nin as universidades e os media, nin as igrexas nin a moral, nin a idea mesma de progreso ou de dereitos humanos ofrecen a botada de menos certeza de contar con algo seguro, fiable e duradeiro. Todo rompe e nada presenta a consistencia debida na sociedade e cultura líquidas. Como algunha vez dixo, neste sentido, Joseph Stiglitz, a crise económica fixo máis dano aos valores fundamentais da democracia, que calquera réxime totalitario en tempos recentes.

4.2. Así que chegada a crise, primeiro inmobiliaria e financeira, logo económica e ben real, enseguida política (suxeito do poder) e ata moral... e tras elas, as crises esquecidas, a enerxética, a ecolóxica, a alimentaria, a poboacional, ..., recoñecida, como digo, a dimensión política de problema, no sentido estrito de quen e como exerce o último poder na sociedade, ou en linguaxe clásica, quen exerce a soberanía, os cidadáns interpelan aos políticos pero, enseguida, aprenderon a mirar directamente cara ao mundo do diñeiro, –a economía financeira e os suxeitos persoais e institucionais que a protagonizan, cada vez mellor coñecidos–. Mirados dende a soberanía democrática que nos ocupa, ben ás claras queda o seguidismo que a política está a facer da economía, como

pode verificarse en calquera dos cumios europeos ou nos venres da política española –consello de ministros–. Todos saben o que reflicte o dito dos mercados gobernan o mundo, e os Estados xestionan os seus mandatos, porque menos Estado non se traduce por si mesmo en máis mercado, senón en mercadores máis fortes. Vexamos.

5.- Sobre a recuperación democrática da política e, ao cabo, de toda a orde social.

A recuperación da política para a democracia e, polo tanto, para os cidadáns, e dado o que hoxe sabemos, é unha cuestión de reformas na participación e transparencia, por exemplo, ao que soaba inicialmente o 15 M, ou, máis alá disto, é unha cuestión de mínima igualdade real na vida social, e de inmediato, de control democrático da economía⁷, sobre todo, da economía financeira? A miña resposta é obvia.

Digo que a miña resposta é obvia. A medida que pasa o tempo, a situación política de Europa (e España) vólvese máis opaca, democraticamente falando. Coñecemos o que pasou dende o punto de vista económico e financeiro, e percibimos que os seus perversos efectos sobre a vida pública transcenden a interpretación á democracia, esixindo maior transparencia e protagonismo dos cidadáns, para internarse no campo mesmo da súa existencia efectiva e cotiá en toda a orde social.

5.1. Este é o problema, a subordinación de toda a orde social, nacional e internacional, ao poder político democrático. O que comezou sendo unha crítica aos partidos políticos pola súa perda imparable de lexitimidade, –xordos ás aspiracións da sociedade civil máis creativa, incapaces pouco a pouco de democratizar a súa relación co pobo–, vai xa moito máis ao fondo. A democracia góbername hoxe seguindo a pauta dos mercados, respondendo aos seus ditados económicos, expresados en termos de prima de risco, e non

⁷ Desenvolvín isto en *Globalización: valoración ética cristiana y iniciativas políticas*, en *Lumen* 55 (2006) 449-473.

aos cidadáns. A submisión financeira dos gobernos democráticos é evidente, e o seu labor de goberno transfórmase en xestión por conta allea. Os mercados non se senten concernidos polo esforzo colectivo ante o futuro, simplemente vale, aquí, agora e o meu. E así, os gobernos introducen prestos o compromiso constitucional da estabilidade orzamentaria, para asegurar ás finanzas que, en canto Estado, obedeceraos no substantivo.

Logo se a democracia se sustiña nun pacto para asegurar uns dereitos universais aos cidadáns, e, a cambio, unhas leis fiscais para financeiro, só coa participación proporcional e progresiva das rendas do capital é sostible ese acordo polo Estado Social de Dereito. Pero xa non se respecta; o capital non o desexa manter. Nestas condicións, resulta moi difícil pensar no voto ou apoio a este ou aquel partido, pois todos aparecen non só distraídos en batallas internas, –como ata hai pouco–, senón sen capacidade para tomar decisións con algunha autonomía e resolver os problemas segundo un programa.

Logo, remata aquí politicamente todo como democracia? Dúas consideracións propoño ao respecto:

a) En canto á primeira, digo que se a política non recobra a súa autonomía ou soberanía fronte aos mercados financeiros, non haberá límites eficaces á especulación e a cobiza, e o risco dunha crecente ingobernabilidade das nosas sociedades parece a consecuencia máis lóxica. Neste sentido, –escribía un día Salvador Aguilar, a propósito das revoltas sociais en varias cidades do Reino Unido no verán de 2011⁸–,

Hai poucos precedentes históricos dun sistema de dominación tan cruel e antidemocrático como o instaurado baixo a globalización neoliberal... Os saqueadores de Londres non mostraron menos moralidade pública, senón talvez máis, que a exhibida nos catro anos de crise polas elites financeiras e económicas globais. Por que razón deberíamos dar máis crédito os cidadáns a uns que a outros? Isto expresa o problema central do capitalismo neoliberal: como

8 Cfr., *Revoltas nun mundo sen normas*, en *El País*, 12 de setembro de 2011.

concionar cohesión social e obriga moral entre os habitantes dun sistema baseado estritamente no autointerese..., e a desprotección pública da maioría da poboación.

Parécenme palabras dignas dunha reflexión entre nós, tan dados como somos a espiritualizar a inmoralidade e a crise. De feito, e seguindo esta lóxica, penso que se moita xente deixa de ter voz na vida política democrática ordinaria, –uns, excluídos e desprotexidos en situacións de vida imposibles, ou decepcionados outros polas escasas opcións de traballo digno que a organización social permite–, é lóxico que dun ou outro modo máis e máis grupos sociais marquen as súas distancias fronte a ese capitalismo democrático que deixa aos mercados ao seu libre funcionamento, aos Estados como reféns do poder financeiro, e ás leis e ás persoas incrédulas sobre unha moral social recoñecida en conciencia e validada en regras xustas. De feito, como repito ata a saciedade, os cidadáns somos libres só se somos minimamente iguais en oportunidades reais de vida digna. Para logralo, –nunha situación de desigualdade extrema–, cómpre unha intervención política democrática e en serio, pois esa igualdade imprescindible, –real e mínima–, o mercado non é capaz de xerala, como se revela ata a saciedade nos nosos días.

b) E, a segunda idea, que debemos saír ao paso da vella interpretación política de, –ante a crise–, vostede como o faría? De que outra alternativa dispón cun mínimo de sentido político e realista? Ao cal non podo menos que responder que a pregunta correcta non é esa, senón esta outra: que pensa vostede dos controis sociais, laborais, fiscais, comerciais, ecolóxicos e políticos que por aí se reclaman sobre a economía?; e sobre todo, quere vostede comprometerse con eses controis, ata dar con algo socialmente distinto e máis xusto ca este presente neoliberalmente xestionado? Esta é a cuestión. Se quere, vexamos que, como e cantos somos. Se non quere, diga por que. Se o considera politicamente imposible, vostede elixe unha opción política conservadora. Se o cre imposible dende todo punto de vista, ten vostede unha ideoloxía tan interesada como alienante; non a postule como ciencia social.

E é que ninguén pode evitar a resposta ás preguntas políticas que teñen que ver con que intereses sociais consideramos prioritarios e que poderes intocables.

Dito nun sentido moi concreto, o problema fundamental que hoxe temos diante non é só técnico; nin sequera primordialmente técnico, senón político e ético, posto que o diagnóstico da crise e as correccións necesarias, segundo unha ou outra escola, están ben recoñecidos. E se é político, e ético, polo tanto!, é un problema tamén, e moi especialmente, de exercicio do poder social en termos respectuosos coa dignidade dos máis pobres e ignorados, desta sociedade e de todas xuntas; logo a cuestión está en abordalo todo democraticamente ou non, e baixo a pauta da dignidade de vida para todos; ata o momento, a resposta é que non. A democracia europea estase a ver deslexitimada por gobernos unicamente capaces de realizar manobras tácticas... de modo que vai ser difícil recuperarse da decepción que suscita o éxito do brutal ataque que, dende o seu propio seo, está a sufrir o modelo social europeo, –proclama Norman Birnbaum–. Outra vez, digno de ser pensado.

c) Ata aquí, a cuestión democrática como interpretación ao conxunto do sistema social. E se agora pensamos na democracia política, en sentido estrito, a que vai das reformas electorais e a transparencia na xestión, á mínima igualdade real, sequera de oportunidades de vida para todas as persoas dun país concreto, España por exemplo, tres observacións máis.

A primeira que, por moito que haxa que redefinir as funcións do Estado na nova sociedade⁹, –máis aló de máis Estado ou menos Estado–, en todo e sempre defendamos que as finalidades da política, e do Estado como instrumento ou medio para esta, han de obedecer a unha condición democrática; teñen que ser, polo tanto, expresión en serio e real da soberanía popular, –con base na igualdade social–, fronte a outros suxeitos que apelan na súa primacía ao seu saber, o seu diñeiro ou a súa forza. Eu creo que hai que ser moi rotundos na pelación de requisitos dun Estado de-

9 Cfr., Innerarity, D., *A democracia do coñecemento*, Barcelona, Paidós, 2011.

mocrático hoxe e mañá. E á vez, e nisto son máis flexible, hai que aceptar certa desmitificación da democracia idealizada, sen por iso caer nun realismo insoportable, e menos aínda na indiferenza. Non podemos imaxinar unha democracia fóra da nosa realidade social complexa e crítica porque non dá de si e con facilidade o que lle pedimos; menos aínda, permitírnos que a súa crítica derive cara ao menosprezo. As reformas posibles nunha democracia como as que coñecemos, –a española por exemplo–, teñen que conxugar a vontade de todos os partícipes, e polo tanto, contar coa súa aceptación, nun ambiente social endiañadamente complexo e ata non poucas veces antagónico. Todos os grupos sociais conservan o dereito a competir democraticamente na definición da lei. Toleramos que outros nos gobernen porque é posible facelo un día nós, e non hai outro xeito de salvar o autogoberno en sociedades complexas. Como se dixo, a liberdade democrática non consiste en obedecerse unicamente a un mesmo, senón en obedecer a alguén no lugar do cal podo atoparme eu, mañá. Con todo, é xusto esixir, –non esquezo–, unha mínima igualdade de oportunidades de vida no punto de partida e sempre. Non podemos apelar como demócratas ao formalismo máis extremo cando vimos ás claras a inxusta estrutura social que o sustenta. O sufraxio universal nin de lonxe é xa a soberanía popular na política democrática formalizada das nosas sociedades, (e menos aínda en ámbitos como a economía e a organización social). Iso si, é irrenunciable. E se o pensamos en clave internacional, aforro o comentario.

En segundo lugar, a diferenza de escala a que se moven a política e a economía, hoxe, –lin algunha vez–, arrasa con todas as leis e medidas locais, e converte os políticos en marionetas, ou a semellalo aos ollos dos cidadáns, cando non e tamén en incompetentes e ata corruptos. E, entón, a cuestión que formula moita xente á política é por que acepta ese papel domesticado. A pregunta é importante e para respondela dende dentro da política, –pois a economía daría outras razóns–, digo que a política padece a síndrome de Estocolmo respecto do diñeiro; ela é unha grupo-casta, especializada nunha tarefa social necesaria, gobernar, que, –a cambio de que lles respecten o seu xoguete e o estatus social–, acepta ser

un xestor por conta allea. Négame a pensar todo en termos de corrupción. Así, a política democrática, profesionalízase, acartónase nos partidos, blíndase en sistemas electorais ríxidos e con listas pechadas, especialízase ata facer imposible a súa substitución, faise profesión de por vida, enrédase nos seus ritos, blíndase con celo de lobby e opera como un xogo de estratexia electoral entre fanáticos subvencionados; en realidade, adquire a forma dunha vida virtual, que discorre entre a ideoloxía tecnocrática e a maquinaria electoral. Así, a xente, non a entende nin a aprecia, e a súa imaxe deteriórase sen remedio con xusta causa: está en primeira liña, presume de ter poder, segue cos seus consumos ata que lle estala o orzamento, pacta cos grupos da administración que a acompañan, empéñase no seu electoralismo ata a véspera do desastre, e defende todas as vantaxes que en época de bonanza se concedeu a si mesma. O caso español é claro.

Ante isto, ao pobo só lle queda o dereito de resistencia aos abusos dun poder político opaco e por conta allea, ao que se lle reclama demostrar que está aí ao servizo da xente e atendendo ás súas prioridades; e para iso e polo menos, que chegado un momento difícil como o actual, é o primeiro que se abre á súa reforma democrática, e o primeiro que cuestiona os seus dereitos económicos adquiridos; para moitos de nós, verdadeiros privilexios neofeudais. Se o caso dos salarios e bonificacións aos directivos da banca, tantas veces salvada dende o erario público, resulta de escándalo, non produce menos escarnio a multiplicación de conceptos e axudas de custo en cargos públicos locais que teñen unha exemplaridade nula. As noticias de casos de corrupción en todas as administracións e instancias do Estado son inasumibles en grao sumo. Talvez a moitos políticos profesionais non lles interese a política noutras condicións éticas e económicas, pero na crise, e máis aló da crise!, a xente reclámao.

En terceiro lugar, moitos profesionais da política, e moitos cidadáns, deben entender que, nas presentes circunstancias, un gran movemento social e político alternativo é unha necesidade da política profesional para rexenerarse e da propia sociedade demo-

crática para sobrevivir. Ou, como apunta Ulrich Beck¹⁰, a tomar conciencia do risco global, e anticipándonos á catástrofe, ábrese un novo campo amplo e fértil para a política. Primeiro para recompoñer a súa identidade e hábitos de funcionamento, e, despois, para albiscar que a alianza entre os movementos globais de protesta e a política profesional democrática podería lograr a longo prazo que a democracia sometese socialmente a economía. Recoñezo que este apuntamento representa unha posición de pacto social democrático que non poucos alternativos rexeitarían. Pero tamén digo que ao revisar as pautas políticas concretas que o movemento civil alternativo esixiu, –sexan novas leis electorais, ou leis de renda básica e leis de desafuzamento, ou leis fiscais e laborais alternativas–, sempre me pareceron parte dunha política social de reformas; que non impide un destino social alternativo, pero pacto social de reformas, ao cabo.

6.- Sobre a recuperación da democracia

Todas estas observacións sobre os problemas dunha democracia participativa e social, achégannos á idea de que a democracia consente moitas definicións, pero creo, con boas razóns, que sempre debe combinar catro ingredientes: as regras xustas dun procedemento preciso, as actitudes democráticas nos cidadáns para respectar e poñerse no lugar do outro, e máis aínda, do distinto e máis débil, os valores humanos que proban a xustiza do propio modelo nos fins e medios, e as oportunidades mínimas e concretas de vida para cada un dos cidadáns. Gustaríame insistir, primeiro, na importancia extrema deste último factor. A democracia é incompatible cunha realización do Estado, do Mercado e da Propiedade, sobre todo desta¹¹, que representen unha realidade tan desigual e opaca, como incontrolable e sen responsabilidade social. A desigualdade absoluta neses ámbitos fai imposible a democracia máis axiña que tarde, sexa nun só país, sexa en todos

10 Cfr., Beck, U., *A sociedade do risco*, Barcelona, Paidós, 1998; *A sociedade do risco global*, Madrid, Século XXI, 2002.

11 Cfr., Velasco, D., *A propiedade, é un roubo?*, Barcelona, CyJ, 2008 (Cadernos, n 155).

xuntos. Se estas institucións non veñen como obxecto á mesa de pacto social pola xustiza, todo nace viciado. E isto é o que hai e non me canso de repetir.

No concreto da vida política cotiá, as regras xustas son o instrumento de xustiza social máis modulable, pero unhas mínimas oportunidades de vida son irrenunciabes para que as regras xustas funcionen. Se as regras xustas non poden nin se aproximar a unha mínima igualdade social e política efectivas; se hai que calar sobre que riqueza, como se logra, a onde vai e de onde vén, como compensa o esforzo de todos, que relación garda cos pobos máis débiles; que oportunidades de vida digna dá aos que se esforzan niso ou son moi vulnerables; que uso social facemos dos bens comúns da humanidade; que transparencia mínima ten a xestión dos bens propios e o uso dos seus froitos... se todo isto non pode ser preguntado, –nin a política democrática ten canles para gobernalo minimamente–, entón, de que pode queixarse a política se o pobo a cuestiona na súa valía, e cuestiona aos grandes das finanzas como usurpadores da soberanía popular?

A partir de aquí, é a sociedade civil, –e nela, polo que me importan–, as relixións e as cosmovisións humanistas, os que teñen as súas oportunidades de animar, formar e soste cidadáns ben abastecidos en actitudes e valores xustos, alma da política¹². Sabemos que a vida política democrática require condicións éticas e materiais de todo tipo, nas persoas, nas institucións e nas estruturas. Da súa interrelación equilibrada depende a xustiza. Por onde nacerá algún modo de poder cidadán que o esixa e active? Pode representalo, no caso español e mais aló deste, o movemento social 15 M? Así o expresou Rafael Díaz-Salazar:

Necesitamos que o movemento do 15 M se fortaleza, xere contrapoder cidadán... Trátase de crear un movemento amplo de cidadáns... non unha nova vangarda antisistema hiperideoloxizada. É hora de organizar a confluencia... Os campos prioritarios han de ser o control democrático da riqueza, unha nova fiscalidade,

12 Reflexionei sobre isto, en *Os esquecementos sociais do cristianismo*, Madrid, PPC, 2012.

a creación dunha banca pública, novas leis laborais para a democracia na empresa, a creación de emprego decente e a progresiva extinción do traballo precario, formas para lograr traballar menos, traballar todos e vivir mellor, cambios nas formas de elixir os deputados, creación de observatorios independentes de políticas públicas, novas políticas de acceso a vivendas dignas, etc., un futuro con esperanza pasa pola construción de alternativas anticapitalistas, ecoloxistas e internacionalistas¹³.

O que poida haber de anticipo sobre a realidade nesta proposta que expresa, non o esquezamos, aquilo que debера ser políticamente, recibe o contrapeso pesimista doutros teóricos, –como Zigmunt Bauman, o pai da modernidade líquida–, para quen o efecto que pode esperar deste movemento é “achaiar o terreo para a construción, máis tarde, doutra clase de organización política”. Nin un paso máis aló disto cabe esperar que polo momento consiga. A superindividualidade deste tempo social e político líquidos, –conclúe–, crea medos... máis non unha alternativa política definida á globalización financiarizada.

Sinceramente, non vexo condicións para dirimir doutrinalmente esta cuestión. Só digo que se o primeiro paso se xoga entre nós en preservar un Estado de benestar digno, non podemos desentendernos de como sumar forzas sociais a este empeño político; o apoliticismo e a indiferenza social prexudícanos excesivamente. A política énos imprescindible; a destes partidos concretos podémola evitar; pero a do Estado social xusto, non. Non podemos desentendernos da política, ademais, porque ela mesma é un tapón á solución do problema social; o caso español é de novo paradigmático. Si cabe desentendernos desta política dende a indignación organizada, que por suposto é outro modo de facer política en canto loita social pola xustiza.

13 Cfr., Díaz-Salazar, R., 15 M e 22 M. *Que futuro político podemos construír?*, en ATTAC España, 2011. Tamén, IDE., *Contra as desigualdades internacionais. Cara a un programa mundial de xustiza global*, en *Igrexa Viva* 244 (2010) 33-59. Navarro, V. - Torres, J. - Garzón, A., *Hai alternativas. Propostas para crear emprego e benestar social en España*, Madrid, Sequitur, 2011.

Por outra parte, está a cambiar de forma rápida e intensa o mapa da pobreza a nivel mundial. Porque os países que se veñen denominando BRIC's (Brasil, Rusia, India e China), están a coñecer un nivel de desenvolvemento económico moi importante. E todos eles, coa excepción de Rusia, están a reducir os niveis de pobreza. Iso non implica que avance a equidade: só no caso de Brasil hai unha política decidida de cohesión social. Pero estes cambios están a mudar o rumbo da globalización, cando menos en dous sentidos: está emerxendo un novo poder, que contrapesa ao do mundo occidental e que non tardará en darlle o relevo; e estamos chegando ao cumio histórico da desigualdade social. Na emerxencia dun novo poder, non se trata tanto dun proxecto de sociedade alternativo como do ascenso de novas potencias dentro do capitalismo global. Se esta afirmación fose certa, a identificación entre capitalismo e democracia occidental pode esfarelarse, especialmente pola disociación existente en China entre organización política e sistema económico e polas formas autoritarias da Federación Rusa. Máis capitalismo non vai supoñer máis democracia. Pero tampouco debemos esperar ningún colapso do sistema, senón unha fonda continuidade do mesmo. Só que no reparto dos seus beneficios e dos seus custos, estamos situándonos dunha forma moi diferente na actualidade. Desde o meu punto de vista, o único colapso posible do sistema actual de produción pode proceder da agresión continuada ao medio natural, ao punto de poñer en risco a vida humana sobre o planeta.



Con isto non estou afirmando que a actual redistribución da renda sexa xusta. Todo o contrario. Os cambios a nivel mundial achegan un elemento fundamente positivo porque xente que antes tiña ben menos, agora ten un pouco máis (aínda que o mundo occidental perda polo camiño unha parte dos seus privilexios). Pero os novos tempos traen como elemento fundamente negativo a perda dos marcos de regulación da convivencia e do contrato social que fundaran as sociedades industriais, sen albiscar un novo contrato social a prol da equidade e da liberdade. Os Estados de Benestar non están en risco porque fosen inxustos en relación coas restantes condicións de vida humana na terra; senón porque interesa que non existan marcos reguladores da convivencia desde a cohesión social. Certo que unha parte do benestar estaba construído sobre un intercambio desigual entre o Norte e o Sur; e que as maiores capacidades negociadoras das corporacións sindicais dos países ricos propiciaban unha distribución moi desigual da renda mundial. Pero non é menos certo que o actual desenvolvemento dos BRIC's leva a maiores niveis de vida, pero tamén a maiores desigualdades dentro de cada país e no conxunto da humanidade. E, o que resulta máis grave, as desigualdades a nivel mundial non deixan de medrar. A crise está a favorecer ás grandes fortunas e a prexudicar por un lado ás clases traballadoras do Norte e aos labregos do Sur.

Só que, a pesar do incremento da conciencia global, non existe un suxeito universal que sexan –os pobres–. Esta afirmación é moi relevante desde o punto de vista sociolóxico e, precisamente a raíz da importancia do lugar social na perspectiva hermenéutica e tamén no desenvolvemento dun determinado camiño de seguimento de Xesús, tamén acaba sendo relevante teoloxicamente.

Desde o punto de vista sociolóxico, as diferenzas que separan ás clases traballadoras dos países centrais do capitalismo industrial e os labregos dos países máis pobres da terra son tanto ou máis fondas das que separaban aos traballadores industriais dos agrarios no primeiro desenvolvemento industrial. E, a medida que se van empobrecendo os traballadores dos países que viñan sendo

centrais, a medida que os labregos van sendo expulsados cara ás enormes cidades que medran sen parar nos países máis pobres da terra, uns e outros son expulsados do sistema produtivo. Pero mentres uns aspiran a retornar aos altos niveis de seguridade laboral e de protección social, os outros aspiran simplemente a entrar ou a poder vivir dos refugallos do sistema. As alianzas entre uns traballadores e outros están practicamente rotas. E o novo *lumpen*, na terminoloxía marxista clásica, carece de organizacións populares que vaian máis alá da loita pola vida e a solidariedade na máis elemental supervivencia. E, polo medio, existe unha enorme cuña representada polas clases traballadoras dos países emerxentes, coa súa mobilidade social ascendente e a súa defensa dos intereses de industrialización e urbanización, fronte ás críticas dos novos movementos sociais dos países máis avanzados e complexos.

Consciente, moito antes ca nós, deste esgazamento social, no seu día xa Ignacio Ellacuría recomendaba que cada quen se centrase no contexto concreto que lle tocara vivir, con honestidade respecto da súa realidade, e na creación de lazos de solidariedade entre os movementos de emancipación de diferentes procedencias. Pero era un tanto escéptico diante da posibilidade de elaborar unha Teoloxía da Liberación válida para os países centrais e para os periféricos ao mesmo tempo.

Desde o meu punto de vista, temos a obriga moral de avanzar de cara a unha espiritualidade global da liberación, e unha teoloxía que lle dea soporte. Pero debemos facelo cunha forte consciencia das nosas limitacións e das nosas posibilidades, porque, do contrario, en vez de facer teoloxía, o que faremos será propaganda de determinados contidos ideolóxicos, que non desvelan a realidade nin permiten atopar a Deus nela. Así, desde o meu punto de vista non é que a metáfora da liberación perdesa actualidade como forma de conexión entre a cultura actual e a proposta de Salvación incondicional que nos vén de Deus en Xesús; o que acontece é que a evolución económica e tecnolóxica das últimas décadas está a modificar a estrutura social do conxunto do planeta e está a enfrontarnos con retos a nivel mundial que, sen embargo, collen corpo en

realidades complexas e mesmo conflitivas, que non nos permiten realizar afirmacións de carácter universal salvo que, previamente, nos deixemos levar alén dos límites dos desertos do mundo.

5.- Volverse aos pobres

A crise actual, desde un determinado punto de vista, é só unha crise dos países con maiores niveis de renda e de desenvolvemento. E, mesmo dentro deles, é unha crise que afecta de forma desigual a estes países. Porque son os países que ficaron estancados a partir da crise bancaria do ano 2007 e nos que esta foi capaz de provocar unha auténtica crise social. O que agora chamamos crise, ou ben é o primeiro compás dunha longa decadencia, ou é a véspera dun conflito social de fondas dimensións, que pode desencadear igual guerras que revolucións ou estoupidos sociais sen control e mesmo sen un claro sentido.

Unha primeira busca do sentido pode levarnos á procura individual de solucións ou a articular solucións colectivas. Cando se trata só de solucións individuais, estamos plenamente no modelo de competición que establece o sistema capitalista. Pero cando se trata de procurar solucións colectivas, diferentes da orde establecida, parece que o camiño pasa por volverse cara os pobres.

De todos modos, a maior tentación colectiva, cando se trata de volverse aos pobres con motivo da crise, é tratar de establecer un inimigo que dea sentido á loita. Ese inimigo poden ser os inmigrantes, os alemáns con Angela Merkel á fronte, a Troika ou os ricos. Falando desta tentación, non estou negando responsabilidades nos poderes públicos de Europa, nos poderes financeiros ou nas persoas que teñen diñeiro e tratan de detraelo do ben público por diferentes subterfuxios. Estoume referindo, máis ben, ao feito de que o primeiro movemento non debe ser a mobilización fronte a un inimigo, ben ou mal identificado. Debe ser o feito vital de volverse cara aos pobres, de procurar diferentes formas de proximidade con esas persoas concretas que sofren a privación e que procuran medios para seguir vivindo e, antes que nada, razóns para seguir vivindo.

A seguinte tentación está relacionada con entender que os medios materiais son a solución aos problemas da pobreza e da exclusión. A pobreza, como dixemos, está relacionada coa privación material. A exclusión, coa privación social. O reparto de roupa e de alimentos, sen crear oportunidades laborais ou canles de participación social, é un xesto que non resulta transformador. Acaso, o que logra é lubricar o sistema para que continúe funcionando. E axuda a tranquilizar a propia conciencia.

Daquela, volverse aos pobres non significa utilzalos como forza de choque contra inimigos reais ou imaxinados. Pero tampouco significa poñer remendos sobre un tecido social esgazado para que continúe todo como está. Máis ben supón poñer a vida en xogo para estar cos pobres, sentir con eles, pensar con eles, rezar con eles e procurar con eles alternativas para unha vida digna.

6.- Volverse pobres

Ora ben, compartir a vida dos pobres non é posible, de forma cumprida, desde a opulencia. Nin sequera abonda con apelar á austeridade mentres seguimos acumulando medios ou dispoñendo de oportunidades. Cómpre dar un paso máis: emprender o camiño da pobreza. Aquí é onde converxen as ideoloxías do decrecemento coas propostas de seguimento de Xesús, que non tiña onde pousar a cabeza (Mt 8, 20).

O decrecemento é, sen dúbida, un dos signos dos tempos. De feito, a nosa sociedade está inmersa, toda ela, nun decrecemento de proporcións que ninguén vivo lembra. Non se trata dunha opción, trátase dunha espiral negativa. De feito, as decisións colectivas que intentan tomarse, pretenden avanzar na dirección contraria. Pero a ausencia de crédito e o temor polo que poida vir retraen a inversión e o consumo, levándonos polo camiño da austeridade, individual, familiar e colectiva. Así vivida, a austeridade é unha realidade chea de dor, de frustración e de carraxe.

Por iso, existe unha posición contraria a esta realidade de feito: a que aposta por renunciar a continuar medrando indefinida-

mente como único camiño que nos conduce ao benestar. Trátase de procurar un punto de equilibrio coa natureza que nos permita vivir en harmonía; e un punto de equilibrio na sociedade que nos permita discernir o que é necesario, o que é conveniente e o que resulta superfluo (e, daquela, agresivo coas xeracións vindeiras e co planeta). Non se trata, necesariamente, de retornar á mística da Terra Nai, aínda que certos mitos antes axudan que estorban nese camiño. Pero si que resulta necesario dar un soporte emocional e social a esa vía que, necesariamente implica unha renuncia, aínda que estea racionalmente fundamentada.

Por iso, o momento que vivimos está a ser a xeira dos recortes, pero debe converterse na xeira do desprendemento vivido como xenerosidade. Sen embargo, se o desprendemento é verdadeiro, antes de levarnos a unha felicidade anovada, ten que levarnos a experimentar a propia limitación, persoal e social. Saber que non imos ter xa as mesmas oportunidades que tivemos, que xa non nos queda outra que vivir con menos (e non só con menos diñeiro, senón con menos oportunidades vitais), provoca sentimentos de impotencia e de frustración. Desde logo, non a mesma carraxe colectiva que os recortes nos servizos e nos dereitos básicos, pero o desprendemento non acontece sen dor. Non se trata, desde logo, de recuperar a dor como centro da mística. Trátase de realismo. Quen non sente ningún tipo de perda, ou carece de conciencia ou recuperou por outras vías aquelas oportunidades ás que dixo renunciar. Tamén o pobo de Israel lembraba polo deserto os allos e as cebolas do país de Exipto (Num 11,5). Podemos argumentar que esta recuperación forma parte da bendición do cento por un, e máis a vida eterna (Mc 10,30), pero convén ser conscientes de que a experiencia cotiá dos pobres non é a de estar recibindo cen veces aquilo que se lles arrinca, senón de estar sendo despoixados dos froitos do seu traballo, dos seus dereitos e da súa dignidade. E, precisamente, o camiño da pobreza non é real se non leva a que compartamos as condicións de vida das persoas pobres, e a súa experiencia vital.

7.- Achar a Deus

Saír da comodidade na que estamos instalados, ben porque decidamos partir, ben porque os procesos individuais e sociais en que estamos inmersos nos leven por ese camiño, non pode instalarnos permanentemente na frustración. A experiencia do deserto pode levarnos, unha vez máis, á experiencia do encontro con Deus e da responsabilidade da liberación.

A pobreza como experiencia límite é unha vivencia de limitación. Trátase dunha limitación individual e social. Que será vivida como unha sorte de eiva. Pero que serve como ocasión para comezar o camiño do Éxodo: procurar unha liberdade sustentada no encontro con Deus que acontece cando xa non hai outros camiños que poidamos percorrer a nivel social, e cando necesitamos abrir un camiño novo, inexplorado, atravesando a privación.

Non podemos atopar a Deus sen despoxarnos, sen descalzarnos (Ex 3, 5). Logo, hai que comezar un camiño que leva á Terra Prometida. Houbo un tempo en que a cultura dominante pensaba que estabamos preto dun mundo feliz. E, quen facía a experiencia de atopar a Deus no deserto, na pobreza e entre persoas realmente pobres, podía compartir ese horizonte de cambio e de progreso. Hoxe non podemos imaxinar que por emprender o camiño do deserto habemos chegar ao final axiña. Albiscamos ese lugar, que deu orixe ao camiño, pero non chegamos a gozalo (Dt 34, 1-8). Igual que a utopía para Fernando Birri, segundo conta Galeano, a Terra Prometida serve para camiñar de cara a un horizonte na vida.

8.- Construír a fraternidade

Ese horizonte será, en calquera caso, unha fraternidade fonda, unha paz duradeira (Is 65, 25). Somos convocados a procurar unha humanidade pacificada, capaz de vivir en harmonía coa natureza. Como o pobo de Israel atravesou o deserto durante corenta anos para construír unha nova convivencia, no país de Canaán, igual que Xesús pasou corenta días no deserto (Mc 1, 12-13), antes de convocar ao novo Israel (Mt 4, 18-15), tamén nós estamos

convidados a construír novas formas de convivencia fundadas na gratuidade e na colaboración, para facer presente aquelas potencialidades inéditas da realidade que nos envolve. A proba de que estamos a vivir a pobreza desde o camiño de Xesús é que vai agromando, desde abaixo, unha rede de relacións fraternas que cuestionan a actual orde e nos permiten camiñar de cara a unha maior liberdade, igualdade e fraternidade.

Carecemos aínda dos vimbios para acabar de ensarillar o cesto da fraternidade universal. O camiño do deserto vaise facendo duro e o desalento fondo. Daquela debemos concluír, igual que Gustavo Gutiérrez, que todas as teoloxías, mesmo a da liberación, non vale o que un xesto auténtico de solidariedade coas clases sociais espoliadas. Non valen o que un acto de fe, de caridade e de esperanza comprometido nunha participación activa por liberar á persoa humana de todo o que a deshumaniza e lle impide vivir conforme á vontade do Pai/Nai: nunha terra de fillas e fillos, de irmás e irmáns.

Santiago González Avión
Sociólogo



Facer todo con amor*

José S. Montes Pérez

1.- Desde dentro de Cáritas

Para poder facer unha análise obxectiva de Cáritas hai que contar con varios elementos ou circunstancias, con todo aínda hai que deixar marxe para a Cáritas que se está a facer ou a construír en resposta aos grandes problemas que afectan á realidade socio-política de hoxe dentro dunha Igrexa que non pode estar calada ou, máis ben, que ten que converterse na voz dos sen voz e dos ignorados.

Hai dous documentos claves para entender a Cáritas deste tempo: *Reflexión sobre a Identidade de Cáritas*, froito da experiencia da institución durante 50 anos, que se proclama na 52ª Asemblea de Cáritas Española no ano 1997 –hoxe xa son máis de 65 anos de historia–, referendado polos bispos da Comisión Episcopal de Pastoral Social e moi positivamente valorado por outras Cáritas doutros países. Outro documento éo a primeira encíclica de Bieito XVI *Deus Caritas est (DCE)*, que tan positivamente nos sorprendeu e que nos veu marcar o camiño que nos conduce a amar a Deus con todo o corazón e toda a alma, que logo se completaría con *Caritas in veritate*.

A primeira vez que lin DCE, o mesmo día da súa publicación, tiven a impresión de que o Papa tiña diante o citado documento de Cáritas Española e que, dalgún xeito viña a referendar a liña que se marcara dentro do noso traballo. Son moitas as coincidencias que se dan no documento papal.

* Este título (Cf. 1Cor 16,14) rememora o lema do Cardeal Quiroga, Arcebispo de Santiago (1949-1971), quen constituíu Cáritas na nosa Diocese.

Deus quixo compartir a historia dos humanos cun amor preferente aos que encarga -desfrutar e compartir equitativamente todos os bens creados- (Cf. GS,69), aparecendo a pobreza como a expresión do mal provocado polo ser humano, causando exclusión e sufrimento; ante isto xorden os profetas para denunciar unha relixión que antepón o culto ritualista á xustiza cos pobres: “Non é estoutro o xexún que eu quero? Romper as cadeas inxustas, desleiar as sogas do xugo, mandar libres aos oprimidos e romper todo xugo. Non é acaso repartir o teu pan co famento e acoller na túa casa aos pobres sen pobo? Cando vexas o espido, vísteo e non te escondas da túa propia carne”. (Is 58,6-7).

O Pai escoita o clamor dos pobres, Xesús “acolle este grito de axuda e faise eco del para poñernos en garda e facernos volver ao camiño recto” (DCE,15).

Con Xesús na parábola do Bo samaritano propóñenos o programa do cristián –o programa do Bo Samaritano–, “o programa de Xesús é un corazón que ve. Este corazón ve onde se necesita amor e actúa en consecuencia” (DCE,31).

O amor é unha luz –no fondo a única– “que ilumina constantemente a un mundo escuro e dános a forza para vivir e actuar”. (DCE, 39).

En Xesús entendemos que non pode ser crible o amor, liberación ou dignidade, máis que cando se actúa desde o pobre e o marxinado con quen el mesmo se identifica, como nos lembra cando define a súa misión: “Mándame anunciar a boa nova aos pobres, curar aos de corazón destrozado, proclamarlle aos cativos a liberdade...” (Is 61,1). Na devandita parábola aparece a misericordia entrañable do pai, a acollida incondicional, a proximidade sandadora, o compromiso total ata a curación definitiva, a integración plena que Xoán Paulo II definía “temos que actuar de tal maneira que os pobres, en cada comunidade cristiá, se sintan coma na súa casa” (NMI, 50).

A tarefa non é doada pero desde o Espírito chéganos a forza necesaria que se nos comunica na Confirmación, o Sacramento do servizo, por iso a encíclica incide en que “O Espírito é tamén a

forza que transforma o corazón da comunidade eclesial para que sexa no mundo testemuña do amor do Pai, que quere facer da humanidade, no seu Fillo, unha soa familia” (DCE, 19).

Neste mesmo documento hai unha referencia expresa a Ga 5,6 para que entendamos que o amor ao próximo xa non sexa un mandamento, por así dicir, imposto desde fóra, senón unha consecuencia que se desprende da fe, a cal actúa pola caridade (DCE, 31).

En coherencia con esta breve base teolóxica, habería que concluír que o servizo da caridade –Cáritas– é un carisma propio e ineludible de cada cristián “porque Deus nos amou primeiro”(1Xn 4,19), é un servizo gratuíto “E xa que de balde recibistes, dade de balde tamén” (Mt 10,8), é un mandato expreso “amádevos uns a outros” (Xn 13,34), por el chéganos a recompensa “Vinde, benditos..., porque tiveren fame e déstesme de comer...” (Mt 25,34-35).

O servizo da caridade –Cáritas– forma parte da esencia da Igrexa como nos indicaba o Concilio Vaticano II “Tamén a Igrexa abraza con amor a todos os que sofren baixo o peso da debilidade humana; máis aínda, descobre nos pobres e nos que sofren ao propio Xesús...” (LG,8).

Seguramente teremos que cambiar a nosa visión xerárquica. Nos bispos, dentro do seu ministerio pastoral está a dimensión diaconal, ao servizo do amor para que “estean no medio dos seus como os que serven” (ChD,16) e os párrocos os seus delegados dentro das comunidades. O bispo é o presidente nato de Cáritas na súa diocese e os sacerdotes os consiliarios delegados o cal deixa clara a responsabilidade inmediata co servizo da caridade.

Certamente a diaconía –servizo da caridade– é inseparable do anuncio da Palabra e da celebración dos Sacramentos, pero na práctica a Igrexa farase máis crible canto máis se implique no servizo da caridade e máis facilmente chegará como evanxelizadora. Dicíao moi ben Bieito XVI: “O cristián sabe cándo é tempo de falar de Deus e cándo é oportuno calar, deixando que fale só o amor. Sabe que Deus é amor” (cf. 1Xn 4,8) “e que se fai presente xusto nos momentos en que non se fai máis que amar”, (DCE, 31).

Por último, a comunidade cristiá debe reflectir desde Cáritas o seu compromiso cos pobres, de modo que a sociedade non a perciba á marxe ou sen relación coas persoas necesitadas que viven nela. É evidente que Cáritas ten un recoñecemento público moi notable, enténdese comprometida cos últimos, como se vén dicindo, para incluír non só aos que non teñen recursos económicos, senón tamén a todas as –novas pobreza– que están presentes nunha sociedade desenvolvida pero que tan facilmente exclúe e marxina. Pero isto non é suficiente, necesítanse comunidades vivas, cooperantes, servizais, acolledoras, ... Urxe que nos complementemos, que actuemos en silencio, que acollamos intimamente, que evitemos a caridade de ventaíña e de fileiras de xente, para actuar na proximidade dunha acollida humanizadora. Neste momento de tanta crise que afecta a moitas persoas que noutro tempo pertencían a un status acomodado, é moito máis urxente ter ese –corazón que ve– que deteña o noso ritmo acelerado para pararse a escoitar, alentar, animar, agarimar, consolar, ... Hai moita pobreza vergoñenta e moito drama nos que sofren en silencio.

2.- Igrexa-Estado-Sociedade

Preocúpame bastante que se enxalce o traballo de Cáritas e se vitupere á Igrexa, porque Cáritas é a mesma Igrexa e a Igrexa é Cáritas. Algo non se está entendendo ben ou algo estamos facendo mal.

Se a Conferencia Episcopal ou os propios bispos non fan denuncia valente a favor dos excluídos ou en risco de exclusión, ou reservan bens ou infraestruturas que poderían empregarse no servizo aos últimos, entre os que tamén se contan os desafuzados, habería unha falta de coherencia. Isto hai que telo en conta. O papa Francisco –neste tempo– está dando un testemuño evidente dunha nova Igrexa sinxela e comprometida coa caridade, especialmente con máis débiles e necesitados.

Se os bispos ou as institucións eclesiais non se comprometen directa e inmediatamente coa acción de Cáritas como prioridade, tamén poden provocar a sensación dunha dicotomía que non é tal.

Non basta con dicir que se delega noutros, o servizo da caridade non se pode delegar. Non hai moito tiven ocasión de coñecer o testemuño directo dun pastor de moi alta xerarquía que nun acto público de recoñecemento á súa Cáritas Diocesana, descubrira que tiña que estar máis presente no quefacer diario da súa Cáritas; admiroume a súa humildade e, o mellor, que a partir de aí houbo un antes e un despois na súa relación con Cáritas, matizou máis o por qué pero non é este o momento de afondar, xa que seguiu unha longa e emocionada reflexión.

Non se pode monopolizar en nome propio o servizo da caridade porque pertence a todos, máis ben hai que dicir publicamente e con voz alta que os recursos económicos e materiais que se empregan, así como os humanos, chegan a través das comunidades parroquiais ou o compromiso persoal de moitos cristiáns movidos pola súa fe e obedecendo o mandato de Xesús.

Hai que dicir ben alto que a Conferencia Episcopal Española e os bispos individualmente colaboran economicamente con cantidades moi importantes de diñeiro así como con infraestruturas que poñen ao servizo de Cáritas ou doutras organizacións vinculadas á Igrexa.

Tamén moitas Ordes Relixiosas, Institutos Seculares e Institucións da Igrexa, ben sexa por carisma e actuación propia ou en colaboración con Cáritas, dedican moitos recursos, tempo e proxectos á atención dos últimos con gran xenerosidade.

Hai que recoñecer que moitas institucións privadas ou empresas aportan cantidades moi importantes de recursos económicos, produtos ou bens a Cáritas Española, ás Cáritas Diocesanas ou ás parroquiais que logo se distribúen de acordo a unhas directrices pactadas ou a criterio das propias Cáritas.

Tamén forman parte dos recursos de Cáritas axudas públicas de libre concorrència ás que se accede xunto con outras institucións privadas de servizo social ou ONGs.

De todos modos, hai que deixar ben claro que o amor preferencial polos pobres, ou servizo aos empobrecidos en Cáritas, forma

parte do ministerio de evanxelización e realiza unha proximidade da Igrexa aos excluídos e á sociedade enteira, para servir de canle e oportunidade de servizo e axuda que, case sempre, vai máis alá do puramente económico. Trátase moitas veces dunha acción integradora dentro da mesma sociedade que exclúe, promocional, de axuda psicolóxica, formativa, orientadora, fomentadora de autoestima, para apoiar o autoemprego ou facilitarllo aos que teñen máis dificultades por razón de idade ou outras limitacións, etc. Fáltanos espazo para tratar dos centros de acollida, talleres de inserción, roupeiros, comedores, etc., que están resolvendo urxencias importantes na sociedade actual. Ademais non deberiamos esquecernos de moitos profesionais e técnicos contratados por Cáritas que, cun xeito de ser especial, acompañan, alentan e buscan solucións personalizadas.

Por tanto, o que fai Cáritas non é unha mera suplencia das necesidades que non están cubertas pola sociedade, senón que é a expresión e canle da caridade, como elemento esencial da mesma Igrexa coa misión de manifestar o amor de Deus aos seres humanos e restaurar a súa dignidade.

3.- Crise actual

Dentro da sección *Análise e perspectivas* da Fundación Foessa de Cáritas hai un documento recente sobre o ano 2012 *Desigualdade e Dereitos Sociais* que analiza os catro eixes que determinan a evolución dos principais indicadores sociais do benestar social: renda-desigualdade, emprego, pobreza-privación e dereitos sociais.

Segundo o Instituto Nacional de Estatística a renda media que recibiron os españois de 18.500 euros en 2012 é inferior, en termos de capacidade adquisitiva, á que existía en 2001, por tanto foi unha década perdida. Desde 2007 a caída da renda media foi case dun 4% e os prezos aumentaron case un 10%, algo que non ocorría en moitos anos. Pero o peor é que este deterioro afecta máis ás rendas máis baixas que caen un 5% desde 2006, levando a unha proporción crecente da poboación a niveis de vulnerabilidade moi

altos, mentres que o crecemento dos fogares máis ricos foi o maior de toda a poboación, o cal indica que aumentan as desigualdades.

Durante 2012 acadáronse os peores resultados da democracia. Segundo a Enquisa de Poboación Activa, perdéronse 850.000 empregos, chegando a ocupación a niveis semellantes ao 2003, elevando a taxa de paro ao seu maior rexistro histórico, dúas veces e media máis alta que o termo medio da UE-27.

O Instituto Nacional de Estatística dá datos a través da Enquisa de Condición de Vida de 2012 que sitúa a pobreza relativa nunha taxa superior ao 21% cando en 2007 era do 19,7% o que indica un incremento moi importante, sen que existan precedentes dun aumento tan importante de pobreza nun período tan breve.

As medidas de contención do déficit tomadas desde 2010 supuxeron unha inflexión no acceso dos españois aos dereitos sociais conquistados na democracia. Nin que dicir ten que esta redución limita o acceso a dereitos básicos á poboación excluída ou a máis vulnerable.

Hai unha Encíclica de Bieito XVI para poder profundar nas razóns da crise, un documento do que se pospuxo uns meses a súa publicación para situarse na realidade e dar resposta á grave crise. Trátase de *Caritas in veritate*, publicada o 29 de xuño de 2009, cando moitos aínda non intuían a súa magnitude. Deixa evidencia do que tantas veces se veu repetindo: non se trata só dunha crise económica que se poida superar nun curto prazo de tempo, senón dunha crise que xorde da ausencia de valores humanizadores moi máis difíciles de recuperar.

4.- Novo camiño

O ideal sería que cada parroquia tivese unha Cáritas parroquial ben estruturada e organizada para que houbera unha atención próxima e universal e a propia comunidade por si mesma ou coa axuda do que se di –comunicación cristiá de bens– dese resposta a cada caso. Pero a porcentaxe é máis ben baixa, aínda que tamén

é certo que moitas parroquias ben organizadas atenden a outras comunidades da súa contorna e senón suple ou debe suplir Cáritas diocesana como organismo supraparroquial. Na diocese de Santiago incluso hai algunhas Cáritas interparroquiais, sobre todo no ámbito das grandes cidades, que realizan o labor de coordinación entre parroquias próximas ou de suplencia en casos excepcionais, potenciando e ofrecendo a proxección dunha Igrexa con vocación de universalidade.

Cando Cáritas actúa non é ela mesma quen o fai, senón a Igrexa no seu conxunto. O modelo social de Cáritas optou porque a súa acción sexa canle para o desenvolvemento do compromiso cos pobres de toda a Igrexa, na busca desa nova imaxinación da caridade e desa nova evanxelización que nos propoñía Xoán Paulo II e que agora revive con forza o Papa Francisco (NMI, 50).

Ao mesmo tempo, as Cáritas locais (parroquiais) deben estar abertas a toda a sociedade integrando nos seus proxectos toda aquela xente de boa vontade que se move no ámbito da solidariedade e a xenerosidade, e en virtude da súa proximidade coa realidade e coas crises, dar testemuño desde o que se fai e non desde o que di. Deste xeito, a comunicación cristiá de bens, a gratuidade, unha acción social de calidade, a austeridade e a transparencia, evidenciarán outra forma de ser e actuar.

Ante os recortes tan importantes das axudas no sector público é necesario establecer un equilibrio a través da colaboración dos cidadáns e, por suposto, dos fregueses. Cústanos moito entender que se fixeran tantos recortes cando, por outra parte, se recoñece un traballo ben feito e as posibilidades reais que ten Cáritas para actuar na proximidade do acompañamento con persoas ou familias en situación ou risco de exclusión. De todos modos, hai que dicir que as doazóns privadas compensan a baixa nas axudas públicas que neste momento se cifran nun 47% do orzamento xeral de Cáritas, sen valorar o tempo e dedicación dos máis de 60.000 voluntarios que actúan anónima e xenerosamente nas parroquias –máis de mil inscritos na nosa diocese de Santiago, pero posiblemente outros tantos silenciosos–, establecendo unha rede de portas abertas.

Ante a cifra alarmante que superou os seis millóns de parados, Cáritas actúa dedicando preferentemente a súa atención a este gran colectivo desesperanzado.

Xa que cando se fala de axudas se considera sempre a parte económica, é necesario aclarar que os recursos materiais non son os que máis preocupan a Cáritas –aínda que os necesite– senón eses outros valores que se promoven desde a compañía –ou mellor– desde a compaixón no seu sentido máis radical e evanxélico, que incluso supera os tan loables de altruísmo ou solidariedade.

Acompañar, neste caso, pode ser: alentar no desánimo; atender aos máis vulnerables que non teñen traballo, sobre todo ás familias onde non hai un salario; esixir políticas que dean prioridade ás persoas; reclamar unha opción máis ética ante unha sociedade pouco redistributiva; fomentar itinerarios persoais de inserción con constancia; reivindicar políticas sociais xenerosas para persoas con ingresos baixos; facilitar a formación para os colectivos de baixa preparación; buscar solucións ou novas iniciativas para as persoas que teñen máis dificultade no acceso ao traballo; sensibilizar ás empresas para que colaboren cos máis afectados pola crise; apoiar a cantos están en situación de baixa autoestima ou desesperanzados; etc., etc.

Estas actuacións son as que promove Cáritas, máis que ser unha entidade distribuidora de cartos ou axudas materiais, cando o fai é máis ben suplindo as carencias, o egoísmo e a indiferenza da nosa sociedade. Non é, polo tanto, prioridade acadar recursos económicos, senón máis ben acompañar (compaixón) aos empobrecidos e suscitar a solidariedade (compromiso) dos que teñen recursos propios, tecendo redes de axuda entre todos.

Cáritas loita cada día porque as institucións públicas sexan máis sensibles ante as situacións de pobreza que desestruturan á familia e exclúen ás persoas. Investir en recursos sociais para os máis débiles é a maneira máis rendible de empregalos e a mellor fórmula para facer xustiza social. Sempre se prefire que os investimentos se fagan desde as propias administracións xa que son as

que asumen a responsabilidade do ben común ou do estado de benestar para todos.

Cáritas tamén loita por sensibilizar á propia sociedade para que colabore en proxectos sociais desde un voluntariado comprometido, tanto nas accións que ela promove coma nas que promove a propia administración pública ou entidades privadas, sempre que se faga con planificación, control e rigor. Todos os sectores da sociedade, máis ou menos organizados, teñen a obriga moral –cando menos– de buscar e coidar todos aqueles elementos que favorecen a convivencia e a igualdade.

Así mesmo, Cáritas loita porque cada persoa teña –os ollos do corazón– ben abertos para detectar os casos e situacións de pobreza extrema e severa cara a evitar o risco de exclusión na súa contorna máis próxima, e actuar en consecuencia; cando son casos que superan as posibilidades persoais debemos recorrer aos organismos públicos ou asociacións e entidades de servizos sociais, xa que as actuacións e intervencións deben estar orientadas e seguidas por profesionais. Para un cristián esta recomendación convértese en obriga e compromiso desde a fe.

A modo de conclusión, quero recoller unha breve cita dunha encíclica antes citada: “...necesítanse uns ollos novos e un corazón novo, que superen a visión materialista dos acontecementos humanos e que intúan no desenvolvemento ese algo máis que a técnica non pode ofrecer” (CV, 77).

E outra ben actual: “A crise cultural e moral do home, con síntomas evidentes en todas as partes do mundo desde hai tempo, esixen unha nova e máis profunda reflexión sobre o sentido da economía e dos seus fins” (CV, 32).

José S. Montes Pérez
Exdirector de Cáritas Diocesana
Presidente da Cooperativa FEIRACO



Alternativas galegas para outra economía

Xosé Cuns Traba

Xa non deberían existir dúbidas de que non estamos ante unha crise máis, senón ante unha utilización da mesma como escusa para conculcar de xeito acelerado e abafante dereitos sociais e desmantelar así o ata agora vixente modelo de estado do benestar: culpabilización de persoas en situación de pobreza ou exclusión social¹, falsos enfrontamentos entre colectivos ou entre pobres de aquí con pobres de alá para condenar a cooperación ao desenvolvemento. Todo iso enmarcado nunha idea forza xeral, a de considerar a crise dende unha visión de catástrofe natural que esixe resignación, sacrificio e ata patriotismo, e non como unha visión de estafa que obrigue a esixir responsabilidades penais.

Permítanme que os siga amargando un pouco no comezo deste artigo coa promesa de que rematará ben, moi ben. Segundo o informe *Impactos da crise* de EAPN España², a finais do ano 2011, 662.515 galegos e galegas atopábanse en risco de pobreza ou exclusión social (47.031 máis que no 2010). En toda España ascendían a 12.741.434 persoas, o 27% de toda a poboación, 2.300.063 máis en só 3 anos.

Este informe, ademais de desmentir falsas e habituais consignas do tipo –temos un estado do benestar que non nos podemos permitir–, coincide con outros³ ao destacar tamén o drástico aumento da desigualdade que asola a marca España: en 2008 a renda do

1 Milagros Pérez Oliva, *Culpables de ser pobres*. El País, 5/10/2012 http://sociedad.elpais.com/sociedad/2012/10/04/actualidad/1349374997_487382.html

2 Xosé Cuns Traba, <http://blogs.lavozdeg Galicia.es/nomepidancalma/2012/11/28/12-741-434-personas-mas-pobreza-mas-desigualdad-las-mismas-mentiras/> Juan Carlos Llano Ortíz, EPAN-España, http://www.eapn.es/ARCHIVO/documentos/recursos/1/IMPACTOS_DE_LA_CRISIS_Seguimiento_AROPE2009-2011.pdf

3 Gonzalo Fanjul, *La desigualdad amenaza al estado*, El País, 17/4/2013 <http://blogs.elpais.com/3500-millones/2013/04/la-desigualdad-amenaza-al-estado.html>

20% da poboación española máis rica era cinco veces superior á do 20% máis pobre; no 2011 xa era de sete veces!

Hai cartos. Segundo o Sindicato de Técnicos de Facenda, GESTHA, o PIB mergullado español era de 244.134 millóns de euros no 2009, o 23,3% fronte á media europea do 13%. O fraude fiscal consentido e ata agarimado por este goberno e polo anterior, estimábase en 88.000 millóns de euros, o 72% do cal segue concentrado en grandes fortunas e grandes empresas⁴.

1.- A fin do apoliticismo

A gravidade dos datos de aumento da pobreza e a exclusión social, unido aos falsos argumentos para utilizar a crise en beneficio dunha minoría, xúntase co desprestixio social de institucións e partidos políticos, unha sensación de corrupción rampante e unha crecente anomia social.

E este escenario, coñecido ou cando menos intuído pola poboación, enfróntase a unha certa parálise estratéxica en moitas ONG (quizais mellor nos seus directivos, o xénero masculino é obrigado) agoniadas polo drástico aumento das necesidades das persoas coas que traballa e a diminución de ingresos públicos ao tempo que afrontan o desmentido dunha das máximas coas que moitas entidades e moitas persoas se teñen autoenganado durante moitos anos: o famoso e covarde somos apolíticas.

Reformular a misión ou a causa de moitas ONG, a súa permeabilidade nas persoas traballadores ou voluntarias, implantar en meses cambios estratéxicos e culturais ou alianzas que normalmente levarían anos ou afrontar a crecente deriva asistencialista e a procura da esmola a calquera prezo, aínda a conta da dignidade das persoas ás que se di querer axudar, son algúns dos dilemas propostos⁵.

4 88000 Millones fraude fiscal. Adiós a las clases medias. Informe GESTHA <http://blogs.lavozdegalicia.es/nomepidancalma/2013/01/17/robo-hurto-y-fraude-fiscal-adios-a-las-clases-medias/>

5 “*El asistencialismo es inmediato, espectacular, simpático, habla de números y no de causas, evita hablar de eficacia y si de buscar el cariño de la población.*” Luis Barreiro Carballal.

Neste proceso de asunción do carácter político e de transformación social de moitas ONG, neste saber pasar da implicación en causas puntuais ao compromiso con ideas/ideoloxías⁶ comezan as boas novas á hora de xerar complicidade social, novas vías de financiamento, emprendemento e sobre todo alianzas con outros actores sociais. Parafraseando a Michael Narberhaus no seu libro *Estratexias para a gran transición*:

pasar da fragmentación á colaboración global, cara unha nova narrativa e modelos de desenvolvemento que comprenden e enfrontan o sistema do que somos parte⁷.

Este enfoque transversal, baseado na colaboración total ou parcial en causas compartidas, a optimización de custos e o impacto social, foxe do tradicional enfoque de ollar de xeito exclusivo polos intereses da propia institución ou organización ou do colectivo social cuxos intereses se defenden. As organizacións que sobrevivirán, son as que xa están a colaborar para investigar, denunciar, replicar, comunicar, captar e sobre todo crear riqueza pensando nas persoas.

2.- Camiñando cara a unha economía e un mercado sociais

Son moitos e moi diversos os camiños que se están a percorrer baixo a denominación de economía solidaria, unha economía organizada arredor dun factor C⁸: compañeirismo, comunidade, cooperación, colaboración, comuñón, coordinación, cooperativas, etc.

Con este modelo naceron e seguen a nacer múltiples alternativas reais⁹. No Estado español hai preto de 260 empresas e entidades de economía social, articuladas na Rede de *Redes de Economía Social e Solidaria* (REAS). Esta rede estatal e o seu completo portal de eco-

6 Arancha Cejudo en *ParadigmáTIC@s. Comunicación y cultura digital en las ONG de Desarrollo* <http://arrabaldes.blogspot.com.es/2012/04/paradigmatics-comunicacion-y-cultura.html>

7 Michael Narberhaus, *Smart CSOS Estrategias para la gran transición. Cinco puntos de apoyo para entidades sociedad civil* no blogue de Xosé Ramil. <http://arrabaldes.blogspot.com.es/2012/11/smart-csos-una-iniciativa-para.html>

8 Luis Razeto <http://vimeo.com/39997212>

9 *La unión hace la fuerza: construyendo un mercado social.*

nomía solidaria¹⁰ (é moi recomendable subscribirse ao seu boletín electrónico) traballa en catro ámbitos: produción solidaria, consumo responsable, finanzas éticas e cultura libre. No 2011 estas entidades facturaron 218 millóns de euros e deron traballo a 5.902 persoas, ademais de implicar de xeito voluntario a 11.000 persoas máis.

As empresas e entidades de economía social e solidaria en cada territorio están a conformar mercados sociais, mercado e vendendo entre elas e procurando que a oferta de produtos e servizos sexa moito máis visible e comprendida por parte daquelas persoas máis predispostas ao consumo crítico.

Nestes intres existen varios procesos en marcha a nivel autonómico que conflúen na creación dun mercado social virtual a nivel estatal e que se articulan arredor do portal *konsumoresponsable*¹¹, un espazo de referencia que xunta información, formación, denuncia e alternativas dende unha óptica de economía solidaria e cuxo buscador é unha valiosa ferramenta de visualización dos mercados sociais en cada comunidade autónoma.

Mergullarse na riqueza das alternativas que xa están en marcha en Galicia, obriga a unha desculpa previa polo número de notas a pé de páxina que necesariamente implica, e a recomendación de que consulten a versión deste artigo para internet, coas ligazóns oportunas. Pero esta escusa serve tamén para citar unha das razóns do éxito de moitas destas alternativas, a súa presenza activa nas redes sociais. Non corresponde neste artigo deterse, pero si sinalar as implicacións e oportunidades que a nivel persoal e en todos os ámbitos de calquera institución, empresa ou organización non lucrativa supón o crecemento exponencial dun fenómeno só comparable ao da invención da imprenta.

Comecemos coas boas novas. En Galicia podemos falar xa de iniciativas no eido da agroecoloxía e a soberanía alimentaria espalladas por todo o territorio¹², de sementes (Rede Galega de

10 <http://www.economiasolidaria.org/>

11 <http://www.konsumoresponsable.coop/>

12 Guía Proxectos soberanía alimentaria en Galicia http://www.espaciocomerciojusto.org/images/stories/recursos/proxectos_sobal_galicia/proxectos_sobal_galicia.pdf



Sementes)¹³, agricultura urbana¹⁴ ou nos produtos do mar coma O canto da balea¹⁵.

Unha iniciativa innovadora que racha coa falsa e interesada idea de opoñer pobreza no Sur e no Norte é o proxecto *De aquí, xusto e ecolóxico*¹⁶, que desenvolven A Cova da Terra, Panxea, Sodepaz e Taller de Solidariedade, e co que se pretende achegar á poboación moza de Galicia as diferentes oportunidades laborais que ofrece o noso medio rural partindo de conceptos como a agroecoloxía, a sustentabilidade económica, social e medioambiental, a cooperación ou a soberanía alimentaria.

Para a súa comercialización teñen xurdido en moitas cidades e vilas galegas dende grupos de consumo como Eirado ou Salgueiriños de Consumo en Compostela, Loaira en Redondela, Agrelar en Allariz, A Landra no Carballiño ou A Gradicela en Pontevedra (poden buscar máis na web Grupo a grupo)¹⁷; cooperativas de consumo coma Árbore en Vigo, A Cova da Terra en Lugo, Panxea en Compostela, Zocaminhoca na Coruña ou A Xoaninha en Ferrol¹⁸; tendas de comercio xusto¹⁹, iniciativas privadas de tendas de barrio ou de venda *online* de produtos elaborados por persoas con discapacidade, como a cooperativa Habilidadum²⁰.

Moitas destas iniciativas (aínda que non todas) poden atoparse no recente mapa de entidades da Rede Galega de Consumo Consciente y Responsable²¹. No seu conxunto chegan xa a máis

13 <http://redegalegadesementes.wordpress.com/>

14 <http://hortaurbana.blogspot.com.es/>

15 <http://ocantodabalea.wordpress.com/>

16 <http://deaquixustoeecoloxico.blogspot.com.es/>

17 <http://eirado.org/>, <http://www.sconsumo.com/>, <http://loaira.blogaliza.org/>, <http://agrelar.net/central/091020joomla/>, <http://agradicelacoop.blogspot.com/>, <http://www.grupoagruponet/>

18 <http://www.arbore.org/>, <http://www.covadaterra.org/>, <http://panxea.org/panxeablog/>, <http://www.zocaminhoca.org/>, <http://www.cooperativaxoaninha.org/>

19 http://www.espaciocomerciojusto.org/index.php?option=com_content&view=article&id=44&Itemid=2&lang=es

20 <http://www.habilidadum.com/>

21 <https://maps.google.com/maps/ms?msid=217101575424941212921.00047ec788667ce596a9b&msa=0>

de mil familias/unidades de consumo. Artículanse tamén arredor doutros xeitos de comercialización alternativa, como bancos de tempo (como Fervello)²², feiras de intercambio, páxinas de troco (ou incluso de doazón de balde), moedas sociais e complementarias, etc. Poden atopar algunhas mostras na recomendable páxina de ligazóns da cooperativa Panxea²³.

No eido do financiamento ético en Galicia, ademais da delegación de Tríodos Bank²⁴ na Coruña, hai un abano de posibilidades para remover os nosos cartos²⁵: dende entidades de microfinanzas, como AIS O’Peto, ata cooperativas de servizos financeiros coma Coop’57, ou, nunha dimensión aínda maior, a cooperativa de crédito Fiare-Banca Popolare Ética, da que Fiare Galiza (en pleno proceso de procura de socios) e O’Peto ou Coop’57 son parte²⁶.

Cada vez máis necesidades poden ser satisfeitas a través da economía solidaria. Creando novas empresas, produtos ou pólas de actividade que enchen un baleiro que existía dentro do mercado social: *Som Energia*²⁷, unha cooperativa dedicada a ofrecer electricidade xerada a partir de fontes renovables, seguros éticos²⁸, unha industria de pequenas e medianas empresas de software libre agrupadas en torno a AGASOL²⁹, turismo responsable e solidario³⁰, e a través de internet, de formación en consumo³¹ grazas á revista *Opciones*, un referente no consumo consciente e a economía solidaria, ou formación en economía³² a través da escola *Okonomía*,

22 <http://fervello.wadobo.com/>

23 http://panxea.org/panxeablog/?page_id=103

24 <http://www.triodos.es>

25 <http://remuevetudiner.net/>

26 <http://www.opeto.org/>, <http://www.coop57.coop/galicia/>, <http://www.proyectofiare.com/web/> <http://fiarez.wordpress.com/>

27 <http://www.somenergia.coop/es/>

28 <http://www.arccoop.coop/index.php/gl>

29 <http://www.agasol.org/>

30 <http://www.foroturismoresponsable.org/>

31 <http://opcions.org/es>

32 <http://nittua.eu/wpokonomia/>

impulsada por Nittua, outro referente estatal en emprendemento social. Teñen máis opcións na web Me cambio³³.

Todas elas están comezando a articularse, a facérense visibles (no recente día de comercio xusto, o 11 de maio, a celebración de feiras en diversas cidades galegas así se fixo) e a ofrecérense como alternativa elixible para a cidadanía. Nalgúns casos, simplemente dándose a coñecer, coma no mapa de entidades en Galicia³⁴ comezado polo proxecto de cooperativa integral galega, ou con iniciativas máis ambiciosas como a que vén de lanzar con éxito a nivel estatal o CRIC (Centro de Investigación e Información en Consumo) na plataforma de *crowdfunding* Goteo, especializada en proxectos *procomún*³⁵. O CRIC, ademais de ser o editor da xa mencionada revista *Opciones*, é unha organización non lucrativa cuxa autonomía financeira, baseada en subscricións, publicidade, prestación de servizos e investigacións (como o informe *Consumo y Cambio Global España 2020/50*³⁶) é un exemplo a seguir para moitas ONG do noso país.

E a cousa non queda aquí. Están a agromar a nivel galego cando menos tres iniciativas chamadas a converxer ou colaborar tanto a nivel local e galego como estatal e incluso internacional, e que se agrupan arredor da Mancomunidade Integral Galega³⁷, ao Laboratorio Social Galego (impulsado por la Coordinadora Galega de ONGD³⁸, xunto a outras redes e entidades como EAPN-Rede Galega contra a Pobreza)³⁹, e o Mercado Social ou Mercado da Economía Solidaria⁴⁰ (a iniciativa de REAS-Galicia)⁴¹.

33 <http://mecambio.net/>

34 <http://mapa.arkipelagos.net/map/>

35 <http://goteo.org/project/recursos-opciones?lang=es>

36 <http://revistaopcion.es/blog/informe-consumo-y-cambio-global>

37 https://n-1.cc/g/miga_mancomunidade_integral_galega

38 <http://www.galiciasolidaria.org/contenido.php?idiget=inicio>

39 <http://www.eapn-galicia.com/>

40 <http://www.konsumoresponsable.coop/mercado-social>

41 http://www.economiasolidaria.org/redes/reas_galicia

Vemos, pois, que dende a creación de cooperativas e empresas, pasando por compartir o espazo de traballo e chegando á idea e á práctica do mercado social, amósasenos un xeito de construír as relacións económicas e sociais dende a cidadanía e a través duns valores e prácticas baseadas na colaboración, o traballo conxunto, o ben común... desterrando a lei da procura do máximo beneficio individual, que tanto dano nos fai como persoas, como sociedade e como especie. Amosa tamén a certeza da reclamación de mellores condicións laborais e sociais incidindo en empresas tradicionais multinacionais e gobernos⁴² cun argumento que se utilizaba nos comezos da difusión do comercio xusto ou o consumo responsable:

 Todos estes mercados que semellan tan afastados, complexos e inaccesibles, rematan en vostede e en min, os que decidimos se mercar ou non e a quen facelo.

 Como di Gonzalo Gesto, membro de Panxea e de Fiare Galiza, e a quen lle agradezo toda a axuda e ligazóns para facer este artigo: “Imos a modo porque imos lonxe, imos a modo porque estamos a cambiar o mundo. E ti, a que agardas para unirse?”

Xosé Cuns Traba

42 *Espertando a Pepito Grillo: Outro consumo é posible*. Beti Vázquez <http://blogs.lavozdegalicia.es/nomepidancalma/2012/01/01/despertando-a-pepito-grillo-otro-consumo-es-posible/>



E se derrubaramos cun petardo o Pazo de Raxoi?

Xosé Luís Barreiro Rivas

1.- Símbolo dos tempos

Aínda que a Fundación Barrié de la Maza non abrirá a exposición ata o vindeiro mes de outubro, xa sabemos que na retrospectiva titulada *Rafael Moneo. Unha reflexión teórica dende a profesión. Materiais de arquivo 1961-2013* –que segue a outras anteriores dedicadas a Mies van der Rohe, Le Corbusier e David Chipperfield– figura un proxecto de xuventude do famoso autor do Museo Romano de Mérida, e Premio Pritzker de Arquitectura, no que se propón derrubar o Pazo de Raxoi, situado no lado Oeste da Praza do Obradoiro, para construír no seu solar baldeiro un centro de comunicacións. E, dado que “de pequeno verás que boi terás” –como din en Forcarei–, o gran Moneo xa recibiu por esta proposta de 1962 o Premio Roma, ademais dunha beca para ampliar estu-

dos na Academia de España da capital italiana.

Dou por suposto, porque son así de ben pensado, que a proposta de Moneo tiña unha base provocadora que en modo algún atentaba –nin sequer en 1962– contra o patrimonio compostelán. Pero tamén confeso que me entraron severos calafríos cando me puxen a pensar que houbese pasado se tal proposta se lle fixese en serio a un alcalde que quixese deixar a súa pegada na cidade, e modernizar esta marabillosa aldea de cregos, perpiaños e musgos, herdada dos devanceiros. Fixen a proposta en hipótese, empeceina a expoñer diante de políticos reais que coñecín ao longo dos últimos trinta anos, escribín de memoria algúns artigos sobre a cidade renovada, e non fun capaz de asegurarme a min mesmo que a Praza do Obradoiro chegase tal como

está ao século XXII. Porque estamos en tempo de *yuppies* e *liberdades*, de *boísmo* e tolerancia sen fin, e non é fácil atopar quen se plante en serio diante de nada –nin da proclama independentista de Cataluña, nin do derrube do Pazo de Raxoi– e diga sinxelamente “non”, porque tal formulación sexa unha parvada sen base para o debate. De abaixo arriba –de cidadán a gobernante, de cristián a bispo, ou de alumno a mestre– todo é posible, porque a racionalidade amósase feble e non acerta a evitar ou canalizar propostas inconvenientes. Pero de arriba cara abaixo mandan o populismo e o respecto enfermizo á opinión expresada nos medios de comunicación, e resulta case imposible dicir que non –sen un amplo debate protagonizado por líderes sociais berróns e ignorantes– á demolición directa do Pazo de Raxoi.

Sen supoñerlle a Moneo ningunha intención *raxoicida*, e dando por sentado que xa en 1962 sabía do que estaba falando e dos obxectivos que perseguía, quero tomar esta xenialidade como símbolo dos tempos, para preguntarme se

é lícito que os expertos traten así os asuntos máis delicados, se a xente non acabará entendendo que con un pouco máis de voltas e unha migalla de audacia todo é posible, e se non estaremos dándolle osíxeno a unha forma de razoar que, coa desculpa indiscriminada da liberdade, esixe operar –para todo e para todos– sobre *tabula rasa*. Persoalmente creo que é necesario recuperar a crenza en que o pensamento ten medidas e condicionamentos esenciais; que nin todo é posible nin todos razoamos con idéntica bagaxe; e que cando os elementos novidosos ou sorprendivos xeran estupor e desconcerto, antes están esixidos a prudencia e o estudo que rachar con todo por medio da ignorancia.

Por iso quero agradecerlle a aquel Rafael Moneo de 1962, cando tiña só 25 audaces anos, que propuxese o derrube do Pazo de Raxoi. Porque iso demostra dúas cousas importantes: que xa coñecía a existencia de Santiago de Compostela como centro universal de expresión arquitectónica; e que tivo a sensibilidade suficiente para non propoñer derrubar a

catedral –que sería o máis doado e coherente, e daríalle aínda máis premios e becas– para construír un centro de comunicación a altura dos tempos –que non é moita– fronte ao pazo do poder galego. Pero xa se ve que Moneo era novo e provocador, pero non estaba tolo de todo, e que á hora de inserir a obra nun contexto, que deso se trata ultimamente, contentouse con meter o fantástico museo de Mérida –unha das mellores obras da arquitectura española do século XX– enriba das calzadas romanas e dos xacementos arqueolóxicos, privando desta gloria e desta audacia innovadora á cidade de Santiago de Compostela.

2.- Pequeneces

Feijoo erre que erre coa redución do Parlamento, ou cunha xibarización da política galega que, pasada xa a febre electoralista iniciada no seu día por Esperanza Aguirre, soa a pura vinganza polo caso Marcial Dorado. En Ourense erre que erre cos gastos do grupo municipal socialista, que, coma se non houberse máis problemas que resolver, constitúen hoxe o pun-

to central da axenda política ourensán. En Vigo erre que erre con que toda Galicia os ten esquecidos, con que o Celta baixa por culpa dos árbitros, e con que o aeroporto de Peinador debería ser –se Ánxel Currás non se interpuxese– o centro de conexións aéreas da Unión Europea con Oriente Medio e cos Estados Unidos de América do Norte, rematando coa vergoñenta suplantación da súa natural función que fan Londres, Frankfurt e París. En Santiago temos o grave problema da redución das festas do Apóstolo, que dos acostumbrados doce días que viñan durando nos últimos anos, poden quedar en sete.

Dende A Coruña chéganos cada día un novo episodio da liorta trabada pola esquerda nacionalista contra Xesús Alonso Montero, que unhas veces na boca de Manuel González e outras nas de Xavier Vence ou a señora García Negro fica hoxe convertido no gran problema da lingua galega, ou na causa pola que o proceso de *anormalización* lingüística está a empezar a gañar a batalla trinta anos despois. O Tribunal de Contas do Reino, erre que erre coa súa

proverbial celeridade, acaba de descubrir agora, catro anos despois de que o saiba todo o mundo, que o desenvolvemento do Plan E en Galicia foi unha verdadeira chapuza, cunha programación de obras entolecida e cunha proliferación de irregularidades que o converten nunha páxina negra dos comezos da crise. En Santiago ninguén sabe que facer coa Cidade da Cultura; en Malpica ninguén sabe como abrir a piscina con SPA, construída no 2009, que xa lle custou ao concello, en obras e tarefas de mantemento, catrocentos mil euros. Nos veciños concellos de Ribadeo e Castropol andan enfrontados por un selo da ponte dos Santos, que ao parecer comete a grave inxuria de chamarlle Ría de Ribadeo á Ría de Ribadeo.

O BNG pide que lle transfiran á Xunta os tres aeroportos, xa que disque se non afronta o proceso de ordenación complementaria unha “república galega soberana” non vai a resolvelo ninguén. No norte de Portugal tardaron case tres anos en convencerse de que a mellor solución para a xestión das peaxes das autovías é que os galegos

poidamos usar os trebellos da Vía T para pagar, en vez de irnos sen pagar por falta de medios adecuados. Á Xunta ocórrese-lle agora que o último crédito a Pescanova –de 50 millóns de euros– é patriótico, urxente, e que cómpre que os Bancos solten a mosca –porque co tipo de empresarios que temos hai que falar así– antes incluso de que saibamos que pasou, antes de que saibamos se a conta debedora vai parar en 4.000 millóns de euros ou non, antes de saber que está pasando nas filiais e nas empresas participadas, e antes de saber –lembran vostedes o que pasou coas Caixas?– se hai trazas de viabilidade ou xa está todo perdido.

Ao que vou, con este exemplos, que se poderían multiplicar ata o infinito, e a que asombra ver como, no medio da arrepiante crise que vivimos, e no medio dos graves erros acumulados pola xestión política, empresarial e relixiosa –porque a pésima xestión da Catedral de Santiago tamén existiu– aínda teñamos tempo e folgos para encher a axenda pública galega de parvadas e miudezas, de cousas que se non se falara de-

las non pasaría nada, ou de cousas que tendo unha gravidade enorme, –a escala galega case inabarcable– son reducidas a miudezas mediante o expeditivo procedemento de envolvelas na bandeira e esperar que unha alianza entre o ceo e a historia faga bo de nós.

A sensación de que a política galega se está trocando en pura trapallada é cada vez máis grande. A evidencia de que a Xunta aplica a *rosoniana* –por don Antonio Rosón– estratexia de estar aí, velas vir e deixalas pasar, é abafante. O contraste entre a faísca política o agromar das leírías independentistas do BNG resulta cando menos ridículo e esperpéntico. E moito me temo xa que perdido o discurso da primeira década autonómica, e trasladado o debate xeral a outras cousas –como o financiamento autonómico– Galicia corre a pasos de xigante cara unha situación invisible –a expresión é do politólogo italiano Pasquino–, na que ao máis que podemos aspirar e a ir tirando. E digo isto porque, se ben é certo que a invisibilidade política tarda moito en producirse, e faino de xeito case impercepti-

ble, tamén é verdade que, unha vez que se chega a tal estado de febleza, a enfermidade é practicamente irreversible.

3.- Dous anos despois

O día 15 de maio, mentres eu escribía estas letras, cumpríronse dous anos do movemento 15-M, que, recollendo nas rúas o estupor que produce unha crise que para a xente común foi como un estoupido repentino, puxo de moda algúns conceptos como indignación, desafección, democracia directa, reforma dos partidos e do sistema electoral e outros moitos de similar significado. Dende entón xurdiron outros inesperados competidores que, facendo uso oportunista de certos sucesos tan penosos como ordinarios, encheron as rúas de *preferentistas*, *antidesafuzamentistas*, e pelotóns de xusticeiros afeccionados que, ao socairo das novas sensibilidades espertadas pola crise, pretenden animar aos xuíces a meter no cárcere a medio país e, dentro desa metade, a todos os políticos e banqueiros, e a todos os bispos que se opoñan ao aborto ou ao matrimonio ho-

mosexual plenamente igualado co matrimonio tradicional.

Nestes dous anos tamén se produciu o falecemento de Stéphane Hessel e Xosé Luís Sampedro que, montados na ola da indignación cun opúsculo e un prólogo de moi mediocre factura –que non pasarán a posteridade en lugar de preferencia– pretenderon intelectualizar o que en realidade non pasaba de ser o cabreo derivado do aproveitamento populista da ignorancia, cousa que a min –que penso que os cidadáns da democracia teñen a obriga de saber algo de onde estamos e por que chegamos aquí–, me parece especialmente mal.

Permítome lembrar que hai xa dous anos, a raíz das primeiras acampadas do 15-M na Porta do Sol de Madrid e noutras moitas prazas de España enteira, adiantei o meu criterio de que o 15-M non tería unha historia de feitos subliñable, nin ía facer ningún aporte á historia dos movementos políticos. E por iso me parece oportuno reafirmarme agora outra vez, con dous anos de observación, nas miñas ideas básicas: que a política non se fai a base de mo-

vementsos espontáneos que non veñan articulados por unha teoría previa; que os movementos políticos que non teñen liderado, nin obxectivos certos, nin límites instrumentais, non perduran; que un proceso de cambio do discurso democrático –que afecta aos modelos de partido, aos contextos constitucionais, ás normas electorais e á estrutura económica do Occidente europeo– non se fai dende *Twitter* e de xeito anónimo, non calla dende a ignorancia de principios elementais, nin se plasma nunha reste de mensaxes de 140 caracteres soltados a discreción e sen calidade homoxénea.

Tamén creo que os cambios non se fan dende a simple indignación ou protesta, se estas non van acompañadas de diagnósticos fiables e basicamente aceptados e de alternativas que, no caso de non ser realistas ou sostibles, sexan cando menos revolucionarias. E por iso pensei e penso que o 15-M non tivo máis transcendencia que a que lle deron, con evidente paradoxo, os medios de comunicación tradicionais –prensa, radio e televisión– que fixeron

del un espectáculo noticioso de corte sensacionalista.

Máis alá diso, lamento certamente que, fronte aos aparentes aires de universalismo que parecían animar inicialmente ao 15-M –una nova democracia para o século XXI, con novos instrumentos e novos tipos de líderes– a protesta que fica nas rúas sexa nomeadamente individualista –os *preferentistas* para ver se cobran, os desafuzados para manterse no ben que ocupan, os funcionarios para que non lles quiten a paga extra, os investigadores bolseiros para que lles consoliden praza de funcionarios–, mentres parece estar en franca retirada a desafección do sistema e dos políticos ou as ansias de reforma madurada do sistema.

4.- A ver se o arranxa Francisco

O debate sobre a reforma da vulgarmente coñecida como “lei do aborto” –Lei Orgánica 2/2010, de 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo– aberto polo ministro Ruíz Gallardón e trasladado á rúa con moi escaso bagaxe

argumental tanto moral como científico, converteuse –moi lamentablemente– nun exemplo de como non se deben facer as cousas, e como unha alianza implícita ou explícita entre o poder e a Igrexa, nun tema relevante e de gran importancia cara o futuro, pode derivar nun fiasco grave e non desexado para as dúas partes.

Esquecéndose canto antes de vellas prácticas e concepcións sociais, a Igrexa debería decatarse de que os cristiáns vivimos en sociedades democráticas e plurais, onde o maxisterio xa non se recibe sen debate, e onde a xente ten pleno dereito a entender aquilo que lle din e aquilo no que cre. E iso significa que, ao contrario do que sucedía antes, os cristiáns temos que estar preparados, ou recibir argumentos, que, chegados a tempo e en forma debida, nos permitan atravesar sen riscos os amplos períodos de discusión nos que se sentan principios –ás veces falsos– que despois son moi difíciles de desbotar. Tal é o caso do aborto, que en todo o que ten que ver co debate político e mediático está perdido para a

Igrexa. E estao por tres razóns que cómpre subliñar.

A primeira é porque —de acordo co que dixo o Mestre— os fillos das tebras son máis dilixentes que os da luz, e que mentres o universo mediático está cheo de científicos que fan dogmas absolutos sobre a distinción entre a segunda e a terceira semana, os científicos, filósofos e teólogos que non teñen esta apreciación apenas están presentes —na súa condición— no debate. E este mesmo argumento serve tamén para as organizacións feministas que, baseándose no dereito absoluto da muller a decidir, ou no avance dos procesos da igualdade, case converteron en heroes arriscados aos que ousan levarlle a contraria.

A segunda das razóns hai que encontrala na actitude dos políticos que son nominalmente católicos, que en vez de ser capaces de distinguir o que é ordinario do que é bo, ou o que sendo apreciado como un grave problema non agromou aínda solucións racionais, aceptan cunha tranquilidade e parsimonia infinitas o argumento da xeneralización do modelo, como

se todos os principios puidesen depender das maiorías ou do costume estendido polas sociedades do benestar.

E a terceira, a peor de todas, é que, incapaces de manter unha liña de comunicación adecuada —ou mantendo abertamente estruturas de comunicación inadecuadas— a Igrexa católica parece terlle encomendado a loita contra o aborto a aqueles sectores que, identificados en todo con posturas retrógradas e linguaxes extemporáneos, converten un debate tan importante nun pulso entre cidadáns carcas ou extremistas e cidadáns normais ou *progres*, dándolle a estes últimos unha vantaxe dialéctica e de situación que resulta imposible remontar.

Xa que logo, creo que a mágoa das lexislacións abortistas non estriba só en que teñan unha aceptación maioritaria por parte daqueles que pensan que, tendo un problema, só debemos preocuparnos de non telo. A gravidade do asunto é que están convertendo os argumentos contrarios en antisociais, e extemporáneos, en falta de comprensión da vida moderna e en reduto argumen-

tal das sacristías. E iso, só ten orixe nunha pésima adaptación á sociedade mediática e democrática, e redunda finalmente nun problema moral de gran envergadura que os cristiáns temos a obriga de resolver. Por iso espero do papa Francisco, entre outras cousas, que renove o *think tank* da Igrexa, que foi noutros tempos o mellor do

mundo e que hoxe fica recluído nos sectores menos brillantes da Igrexa mesma, e que se decate de que os cidadáns maduros e avanzados, aínda que sexan católicos, necesitan ciencia e linguaxe actualizadas e explicacións feitas e difundidas a altura dos tempos.

Xosé Luís Barreiro Rivas



As outras letras galegas

Xoán Bernárdez Vilar

A conmemoración das nosas letras, no pasado mes de maio, ofreceu este ano importantes novidades. En primeiro lugar, a de que houbo de competir, entre outras efemérides, co 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*, a primeira obra de Rosalía de Castro, así coma co centenario do nacemento de F. Fernández del Riego, co 50 aniversario da instauración do propio Día das Letras Galegas, e co do establecemento da Fundación Penzol.

Todos eles tiveron a súa oportuna exaltación, mentres que o día do gran dramaturgo, ensaísta e actor Roberto Vidal Bolaño (Compostela, 1950-2002), ao que se dedicaba, conmemorouse, tanto coa colocación dunha placa na súa casa natal, coma con representacións e lecturas das súas obras. Houbo tamén correlinguas, actuacións corais, numerosas conferencias, premios de recoñecemento a

determinados próceres, ou entidades, e manifestacións a prol do idioma: *Non queremos ser estranxeiras na propia patria. Queremos galego!*

Con todo debemos salientar outras dúas novidades. A primeira, aínda que ao noso entender negativa, a de que, en contra do costume ao que nos tiñan afeitos, nesta ocasión, xa non houbo portadas en galego nos principais xornais do país.

A outra, refírese á celebración da *II Exposición*, promovida polo valmiñorano Francisco Vidal. Foron unha dúcia de Códices dos séculos X ao XVI, os que, entre os días 13 e 21 de maio, se ofreceron á admiración do público no Concello de Nigrán. Durante ese período deuse tamén lectura a 30 obras literarias contemporáneas.

Porén debemos aclarar, en contra do anunciado por un medio de comunicación, que

os doce Códices en cuestión non eran todos eles galegos, aínda que isto non desmereza os seus extraordinarios valores. O cal nos leva a comentar o feito de que en Galicia houbo, mesmo antes de que nacesse a nosa propia fala, outras e importantes literaturas que non podemos esquecer.

Expliquemos, por exemplo, que, a partir de hai uns 5.000 anos, xurdiron no país pinturas, gravados e petróglifos, cuxos contidos véñense entendendo coma relacionados con cultos astraís, ou ritos iniciáticos, que aínda que non os entendamos hoxe, evidentemente deberon de ter un significado claro para os nosos antepasados. Tampouco sabemos se algunhas das incisións que se observan nos nosos monumentos dolménicos e castrexos poden ter algo en común coas posteriores escrituras *oghámicas*, xa interpretadas, que se utilizaron nas illas británicas.

Coa ocupación romana, o noso territorio veuse ateigado por unha insospeitada cantidade de testemuños epigráficos: laudas sepulcrais, *tesserae*, pactos de hospitalidade, inscricións pri-

vadas, inscricións paleocristiáns, epitafios, elementos votivos, ou numerosísimas pedras miliares que sinalaban as calzadas. Pola súa relevancia mencionamos unha lauda sepulcral do século I atopada nas beiras do río Eo. Está dedicada a Nicer Clutoso, Príncipe dos Albións, pobo tamén mencionado por Plinio e Ptolomeo, e que unha das fontes da *Ora Maritima* situaba, xa arredor do ano 580 a.C., aproximadamente entre as inmediacións de Bares e o Navia.

Existen certas dúbidas acerca de que o papa Dámaso (366-384) e o heresiarca Prisciliano (c.340-385) naceran realmente na Gallaecia. Mais de ser oriúndos da mesma, coma se sospeita, parte dos seus escritos teríámolos que considerar tamén coma integrantes desas outras letras galegas que vimos comentando. Si se pode aceptar como dunha autora do país o *Itinerarium Egeriae*, detallado relato dunha viaxe por Terra Santa, realizado pola indicada viaxeira alá pola década do 380, que foi vertido a case que todas as linguas cultas.

O presbítero Paulo Orosio (c. 380- d. 423) foi outro sobresa-

liente autor, que os seus propios coetáneos consideraron oriúndo da Gallaecia. Gran viaxeiro, e amigo de Santo Agostiño, as súas principais obras, *Historiarum adversus paganus, libri VII*, *Commonitorium*, e *Liber Apologeticus*, están tamén traducidas, publicadas e fundamentalmente estudadas.

Idacio (c. 390-91- c. 469), nado, segundo el mesmo afirma, na *cidade Lémica, na provincia da Gallaecia*, e máis tarde bispo de *Aquae Flaviae* –hoxe Chaves–, deixounos unha *Chronica* na que recolle a historia do Imperio entre os anos 379 e 469, se ben que nada máis que ofrece unhas pinceladas sobre a súa terra natal, tamén publicada e traducida en moitas ocasións. Hai dúbidas, pola contra acerca de se o *Chronicón pequeno* e os *Fastos Consulares*, a el atribuídos, fosen tamén da súa autoría.

Ao longo dos séculos seguintes continuaron producíndose no país numerosos escritos en latín, ata chegar ao ano 1139, no que foi composta a *Historia Compostellana*, que recolle os feitos de Diego Xelmírez (c.1070-1140), primeiro arcebispo de Compostela, tamén

repetidamente analizada e publicada. Son estes, os principais textos que poderíamos considerar tamén coma letras galegas, anteriores ao século XII no que se produciu a grande eclosión dos trobeiros da nosa fala, que chegan ao día de hoxe.

1.- Banda Deseñada

Penso que todos coñecedes a Flash Gordon, o heroe intergaláctico creado en 1934 por Alex Raymond (1909-1956). Hoxe traémolo unha vez máis a esta sección para lembrar, xusto setenta e dous anos despois do intre no que as pronunciou, –15 de xuño de 1941–, as palabras coas que, logo de dirixir un golpe de estado incruento, para depoñer ao tirano que gobernaba o planeta Mongo, anunciaba: “Declaro a República de Mongo, baseada nos principios de Liberdade e Xustiza para todos!”... Eran os días nos que a Terra se desangraba na II Guerra Mundial.

2.- Cine e Teatro

O 27 de marzo, déronse a coñecer no Teatro Rosalía Castro da Coruña os XVI Premios

María Casares de Teatro. A obra vencedora resultou ser *Tokio 3*, da compañía Voadora. O do Mellor espectáculo foi para *Nuncabunga*, de Elefante Elegante. Marián Bañobre obtivo o da mellor actriz, por *Pequenos actos Pseudorrevolucionarios*. Manuel Oliveira, “Pico”, o de mellor actor protagonista, por *Kafka*. Pilar Pereira recibiu o Premio de Honra. En segundo lugar, despois de *Tokio*, ficou Sarabela Teatro. No acto houbo críticas á xestión cultural da Xunta, e denuncias polos problemas do sector.

Cando este número de Encrucillada chegue ás vosas mans, xa se terá celebrado a décima edición do xa famoso festival de cine organizado pola pequena parroquia porriñesa de Cans. Coma novidades do mesmo podemos dicir que o Can de pedra, doado por Fernando Godoy, que enaltece o lugar do evento, foi obxecto de reproducións, máis manexables, para cantos queiran levarse unha. Así mesmo o Festival vai utilizar moeda propia, que, se denominará, coma non, “Can”. Xa ninguén poderá dicir, pois, non teño un can.

3.- Congresos. Comunicaci3ns

Logo da “conspiraci3n” que, segundo alg3ns medios, se agochaba detrs da inesperada renuncia do seu presidente Xos3 L. M3ndez Ferr3n, a nosa Real Academia celebrou plenario o vinte de abril. Un acto un tanto cativo xa que, dos 22 membros da mesma, tan s3 estiveron presentes 16. Con todo este n3mero foi suficiente para que, dende esa data, o catedr3tico em3rito, e ensa3sta, Xes3s Alonso Montero (Vigo, 1928) se convertese no duod3cimo presidente da mesma. Entre as s3as primeiras palabras houbo tanto unha chamada 3 concordia, coma o recoñecemento ao labor desenvolvido polo seu predecesor, as3 coma a negaci3n da existencia dunha fractura interna.

4.- Decesos

O pasado 19 de abril faleceu Henrique Otero Covelo, o Gai-teiro do Frago. Nado en 1930 no ent3n Concello de Lavado-res, hoxe incorporado a Vigo, contaba 82 anos, e era vi3vo. Nas s3as exequias participaron numerosos m3sicos para lle dar o derradeiro adeus cos seus

instrumentos. Henrique Otero fora un gran mestre da gaita, e introduciu este instrumento nos estudos do Conservatorio Musical de Vigo nos anos 70. Publicou tamén un “Método de Gaita”, aínda en uso, ademais de numerosas composicións, alboradas, muiñeiras e polkas. Formara, así mesmo, parte da Agrupación Breogán de Moaña e do cuarteto Os Cruceiros. Os seus funerais tiveron lugar na igrexa de Santa Cristina de Lavadores, a parroquia na que nacera.

5.- Etnografía

En A Covasa, parroquia de Aguiño, concello de Ribeira, existe unha suxestiva construción, que se ben promovendo baixo a non menos suxestiva denominación de Porto Fenicio. Trátase de dous diques paralelos, feitos con perpiaños, que pola súa parte de terra están unidos transversalmente por outro muro duns 22 metros de longo, no que se aprecian certos rebaixes que poderían estar relacionados con canalizacións, ou mesmo con chanzos de acceso. Os fenicios, un pobo comerciante por excelencia, asentado orixinariamente nos ac-

tuais Líbano e norte de Israel, ademais de espallar o uso do alfabeto e levar as súas mercadorías por todo o mundo no seu tempo coñecido, ergueron numerosas factorías especialmente no norte e no oeste de África, así como nas costas da península Ibérica, entre arredor dos anos 700 e 300 a. C. Na nosa terra deixaron fortes pegadas tanto nas beiras do curso baixo do Miño, coma na costa occidental. Na Lanzada e en Boiro, lugares próximos ao de Aguiño, producíronse numerosos achados seus, e entre Bares e Viveiro foron atopadas moitísimas moedas tamén súas. Ese Porto de A Covasa, polo tanto, puido ser obra fenicia. Con todo, tendo en conta a perfección do corte das pedras nel utilizadas, existen dúbidas desta procedencia, e quizais resulte máis axeitado inclinarse por que, en realidade, os seus peiraos poidan corresponder a algunha das modernas fábricas de conservas que os cataláns introduciron en Galicia cara ao século XIX, despois de Cristo.

Hermelindo Portela Silva (A Garda, 1947), Licenciado en Filoloxía e Letras, doutor en

Historia, profesor adxunto en Historia Medieval na USC, autor entre 1976 e 1995 de numerosas publicacións, traballos en revistas e Congresos, Premio de Investigación da Xunta de Galicia en 1995, amén de outros recoñecementos, tomou parte a comezos de maio nas Barferencias que tiveron lugar na súa vila de natal dentro dos actos do centenario da Sociedade Pro-Monte Santa Tecla. Hermelindo Portela confirmou nelas o culto que no monte gardés se deu xa no século IV á súa santa patronímica, sen se esquecer de lembrar o relato no que a viaxeira galega Exeria, fixera por aquel mesmo tempo acerca da devoción á mesma na oriental Seleucia.

6.- As Letras

O 23 de abril, data do nacemento e da morte de William Shakespeare (1564-1616), ademais, de Día Universal do Libro, conmemorouse tamén o Día do Científico Galego. E a nosa Real Academia de Ciencias elixiu nesta VI edición, coma científico do ano a Benedictus Hieronymus Feijó (Pereiro de Aguiar, Ourense, 1676- Oviedo, 1764),

grandísimo ilustrado, pensador, ensaísta e polígrafo. O Padre Feijoo, que estudara en Allariz, San Estevo de Ribas do Sil, San Salvador de Lérez, e Salamanca, e que impartiu docencia en Poio, Santiago e Oviedo, defendeu en todos os seus numerosos escritos –algúns aínda sen publicar– unha ciencia baseada na razón e na experiencia. De auténtico espírito crítico, cuestionou tanto os dogmas coma as supersticións.

Vinteunha bibliotecas galegas foron seleccionadas para o Premio María Moliner de promoción da lectura patrocinado polo Ministerio de Cultura, a Federación Española de Municipios e Provincias, e a Fundación Coca-Cola. Entre elas atópase a Biblioteca Municipal de Tui, que o foi por sétimo ano consecutivo. O galardón consistiu nun lote de 200 obras.

O 17 de maio, Día das Letras Galegas, efeméride por el creada, estreouse na súa vila natal, a Ruta Literaria dedicada a Paco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, Lugo, 1913-Vigo, 2010). Consiste esta nun percorrido de 2,7 quilómetros, denominado “Lourenzá lembra

a Fernández del Riego”, amenizado con lecturas súas, efectuada polos seus propios veciños.

Henrique Alvarellos ven de localizar, entre os fondos do Museo de Pontevedra, unha obra inédita do poeta Aurelio Aguirre Galarraga (Compostela, 1833), traxicamente afogado na praia de San Amaro da Coruña, á idade de 25 anos. Aguirre, que en galego nada máis que escribiu *Un consello*, fíxose famoso pola súa participación en movementos sociais, e no non menos famoso Banquete de Conxo. Na obra agora atopada, aínda que escrita en castelán, fala do verán que pasara en Vigo, e doutras circunstancias, recollendo, ademais, o seu tantas veces loado “Brinde de Conxo”, lido uns meses antes. O orixinal, manuscrito e encadernado, vai ser publicado pola Editorial Alvarellos.

7.- Novas en Xeral

Co gallo do 50 aniversario da Fundación Penzol, entre o 26 de abril e a mesma data do mes seguinte, a Casa Galega da Cultura, en Vigo, acolleu a exposición *Fermín Penzol. Unha obra para un país*. Numerosos

paneis, documentos, fotografías e obras, foron expostas na mesma. No acto participou xa o novo Presidente da RAG, que compartiu protagonismo con diversos membros da cultura. Lembremos que Fermín Penzol naceu en Sahagún de Campos, en 1901, e faleceu en Santiago en 1981. Completouse a celebración o 21 de maio seguinte, coa colocación na fachada do edificio dunha placa conmemorativa, acto ao que asistiron e dirixiron a palabra aos asistentes, diversos padroeiros e autoridades .

No mes de xuño inaugurouse en Redondela o Museo e Centro de Interpretación de Rande, no que, ademais da reconstrución dunha fábrica conserveira, lémbrese a batalla que se deu nas súas inmediacións. Nela, o 23 de outubro de 1702, enfrontáronse ás flotas anglo-neerlandesa e a hispano-francesa, rematando coa vitoria da primeira e a perda de 2800 homes. Rande converteríase axiña nun acontecemento auténticamente lendario. Algúns dos protagonistas escribirían máis tarde que a ría “era un mar de lume”, mentres que no século seguinte Jules Verne, falou dela

na súa novela *Vinte mil légoas baixo os mares*, facendo chegar ao escenario da mesma ao seu heroe, o Capitán Nemo, quen rescatou parte dos tesouros alí afundidos. Máis tarde, un británico, Mario Reding, experto en textos comparados, aportaría a idea de que o profeta Nostradamus, anticipara en 1555 unha descrición da batalla. Con todo debemos dicir que o 23 de marzo pasado xa se concedera un anticipo aos amantes da historia, ao abrir excepcionalmente as súas portas o Museo, para que puidesen admirar tanto o galeón, as maquetas, ou as salas de navegación, como a maquinaria da famosa Fábrica do Alemán, o lugar onde se emprazou o Museo.

8.- Premios

O seis de abril foron fallados no Palacio da Ópera da Coruña os XI Premios Mestre Mateo: A longametraxe de animación *O Apóstolo*, acadou seis premios; Mabel Ribera, o de reparto en *Concepción Arenal, a visitadora de cárceres*; Luís Tosar, foi o mellor actor, por *Operación E*; Sabela Arán, a mellor actriz por *Vilamor*. *Vilamor* obtivo, así

mesmo, o de fotografía. *Invasor*; a mellor montaxe; Raquel Fidalgo e Fermín Galán, os de maquillaxe e perruquería, por *Lobos de Arga*, o anuncio publicitario foi para *Sairemos coma galegos*; Mónica Ares e Toño López, por *Galegos no mundo*; mellor programa de TV: *Zigzag*; o de interpretación de reparto: Luís Zahera por *Todo é silencio*; o de Vestiario para María Gil e Sonia Segura por *Concepción Arenal*. Mellor serie web: *Angélica y Roberta*. Mellor Corto de imaxe real, *Conversa cunha muller morta*. Mellor curtametraxe de animación, *O Xigante*; mellor documental *100% CEF*; Mellor serie *Era visto!*, e mellor guión, *Matalobos*.

Os Premios Nacionais da Crítica, concederon o trece do mesmo mes, no seu apartado referente ás letras galegas, e ás modalidades de narrativa e poesía, premios á escritora e xornalista viguesa Begoña Caamaño, por *Morgana en Esmelle*, e a Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) por *Os ángulos da brasa*. A primeira é unha novela histórica, escrita en clave feminina, que leva xa tres edicións. En canto á obra de Torneiro –

que xa recibira anteriormente outro Premio da Crítica— consta de 67 composicións nas que reflexiona sobre a cotianeidade e a dimensión simbólica da palabra.

A Casa Cultura de Monforte foi o escenario, o día 20 seguinte, dos fallos dos XXII premios Irmandade do Libro da federación de libeiros de Galicia. M^a Xosé Queizán Vila (Vigo, 1939) recibiu o premio á mellor traectoria. O do mellor libro: *A Noite Branca*, de Francisco Fernández Naval, (Ourense 1956). O de centros de ensino: o colexio público Quintela (Moaña), o de Librarías: a Komic de Santiago. Foron distinguidos noutros apartados as Guías da Natureza de Baía Edicións, e Galicia Encantada, coma fomento da lectura.

Xa en maio, o día 4, a Asociación de Escritores en Lingua Galega ditou no Centro Ágora de A Coruña, o seu fallo sobre as mellores obras publicadas no ano 2012. Resumímolas: narrativa, Begoña Caamaño, por *Morgana en Esmelle*; ensaio, Ramón Nicolás, por *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*; literatura infantil e xuvenil, Leticia Costas, por

O corazón de Xúpiter; xornalismo cultural, Ana Romaní, blog literario, tamén Ramón Nicolás; teatro: *Banqueiros*, poesía, Francisco Salinas Portugal, por *Boca da cobra* e Manuel Álvarez Torneiro, por *Os ángulos da brasa*. En tradución: *Cancioneiro seguido das rimas dispersas*, de Darío Xohán Cabana.

Cinco días despois, a reporteira Mónica García Prieto (Badaxoz, 1974) foi distinguida en Ferrol polo Colexio de Xornalistas de Galicia co IX Premio José Couso á liberdade de información. Mónica García, licenciada en xornalismo, que viaxou por numerosos conflitos bélicos, vive na actualidade en Beirut. Segundo declarou, a profesión necesita dunha revolución para evitar que nada máis que se informe dende casa. E rexeitou abertamente as roldas de prensa sen preguntas, ou a comparecencia a través da televisión, xa que entende que o xornalismo é un servizo público.

9.- Varia

Producidos no período do que neste número nos ocupamos, salientamos:

– A agrupación Cultural O Facho de A Coruña continuou coas súas Palestras, entre elas o 17 abril sobre o tema *Raíces Célticas da Galiza*, deitada polo medievalista redondelán Alberte Lago Vilaverde, un dos fundadores da revista Murguía.

– En Gondomar, no IEM, actuou Mónica Caamaño (Pontevedra, 1971), actriz de TV, e de cine e teatro, membra do Centro Dramático Galego, mellor actriz secundaria en 2008, e licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa.

– A Real Academia rendeu na Coruña, no mes de abril, unha homenaxe ao Padre José Rubinos Ramos (A Coruña, 1898 -Miami, 1963), no 115 aniversario do seu nacemento. O Padre Rubinos foi Presidente, na Habana, da Asociación Protectora da R.A.G., e académico de honra da mesma. Mentres residiu en Cuba mesmo foi profesor de Fidel Castro (Mayarí, 1926).

– O Ateneo de Santiago celebrou unha mesa redonda o 15 de abril sobre o tema *Antonio Casares Rodríguez en claroescuro*, na que participaron Manuel Bermejo, catedrático de Quími-

ca Inorgánica da USC, e Ricardo Gurriarán, profesor de IES e investigador.

– O semanario Sermos Galiza presentou o 26 do mesmo mes, de mans do doutor en Filoloxía Románica Francisco Rodríguez Sánchez (Serantes, O Ferrol, 1945), un poema inédito de Rosalía de Castro sobre a figura do político, militar e autor, Salustiano de Olózaga Almandoz (Álava, 1805, París, 1873). Este poema fora publicado o 4-6-1866 polo desaparecido xornal madrileño, La Soberanía Nacional.

– O nove de maio celebrouse na Coruña o Festival Mozart no que foron executadas deza seis pezas: aberturas, arias, sinfonías, música de cámara, así coma o seu Réquiem. No destacado acto interviñeron a Orquestra Sinfónica de Galicia e o Coro OSG.

– Na mesma data, as Cortes de Aragón aprobaron unha desconcertante lei, denominada de protección das modalidades lingüísticas propias. Por ela os habitantes das comarcas orientais daquela Comunidade, que levan falando catalán dende hai máis de novecentos anos, deberán de

facelo agora, se o dato ao que accedemos foi axeitadamente transmitido polos medios, en *lapao*, unha fala aragonesa.

– No ano 2008, o lama tibetano Gueshe Tenzing Tamding, logo de meditar ao longo de varias horas diante das ruínas dunhas vellas e abandonadas casas de Ventoselo de Beariz, concello ourensán de San Amaro, decidiu que aquel era o lugar axeitado para a fundación doutro dos arredor de 20 centros que viñan funcionando xa baixo a súa dirección espiritual. Agora, transcorridos cinco anos, e

aínda que faltan por construír o templo e a biblioteca capaz de acoller as escrituras budistas, este Mosteiro de Estudos Tibetanos de Galicia, admite xa a cantas persoas desexan iniciarse na súa filosofía. A pretensión do organizador é a de o converter nun dos centros de referencia, é dicir, nun xeito de universidade budista. Nela, os asistentes son denominados sempre estudantes, nunca discípulos. Con tal motivo, Ventoselo foi redominado *Cho Sup Tsang*, fonte inesgotable da sabedoría.

Xoán Bernárdez Vilar



Carta desde a banda da esperanza

Manuel Regal Ledo

Ás veces a esperanza, tan traída e levada do corazón á palabra e á vida, sitúate sen previo aviso ante feitos inesperados. Tal foi o caso de quen isto escribe, que se viu sorprendido por unha enfermidade importante que supuxo unha operación urxente no presente e unha expectativa algo incerta cara ao futuro. Cultivar a esperanza preséntase así coma unha urxencia elemental, coma un don elemental, que sae do corazón de cada un coma froito dunha semente que durante anos e anos moitos, moitas, sementaron pacientemente na propia vida, ás veces sen sequera te decatares diso, baixo a calada ou aberta suxestión de Deus, que todo o goberna sabiamente e que nunca nos quere deixar inermes ante as vicisitudes da vida, máxime cando se presentan rosmando desalentos.

Que a enfermidade pete á miña porta reclamando aten-

cións ao meu corpo, e desde o corpo a todo o meu ser, preséntaseme coma unha chamada de atención sobre a fragilidade connatural da miña existencia, coa que debo aprender a comungar humildemente, sobre o risco de lle quitar importancia ás cousas pequenas, materiais, que nuns e noutros/as están sustentando esa preciosa construción que somos os seres humanos, sobre a elemental e urxente solidariedade con tantas persoas que andan pola vida co corpo desfigurado e roto, sobre esa innata e preciosa afección de Xesús por remediar e amparar os corpos débiles de quen con el se atopaban, coma unha mostra urxente da presenza e do proxecto de Deus para todas as persoas do mundo.

En estado de aprendiz desta voz para min nova da esperanza, abrimos esta Rolda da Igrexa co coidado de non afogar nas bá-

goas do propio pranto, cando chorar sexa necesario, senón de convertelo en lentura amorosa que faga a un máis sensible ante todo o que de dor ou de gloria pasa na Igrexa e nos seus arredores cada día e cada noite.

1.- O Papa Francisco, esperanza para a Igrexa

Todas as voces que se levantan para comentar dalgunha maneira a elección e primeiras actuacións do Papa Francisco coinciden nisto, en que con el a esperanza, a ilusión, volve espallarse polo corpo e polo espírito dos millóns e millóns de membros da Igrexa, ata o punto de desbordar tamén cara fóra da mesma, entre persoas non crentes. Supoñemos que tamén haberá persoas ás que non lle faría ningunha graza a súa elección, pero que, por prudencia, están caladas, non se sabe ata cando.

As editoriais lanzáronse con urxencia á edición de libros sobre a súa persoa, traxectoria vital, pastoral e pensamento; cousa en parte normal, pero que, en casos, demostraban un interese comercial mesmo escandaloso, que non cadra pre-

cisamente co espírito da persoa que pretendían enxalzar. Por iso, para achegarnos á vida e milagres do noso Papa Francisco, pareceunos máis oportuno acudir á lectura dun libro anterior á súa elección, do ano 2010, libre do po do oportunismo, titulado *El jesuíta. Conversaciones con el cardenal Jorge Bergoglio, sj.*, de Ediciones B Argentina, que alguén oportunamente ofreceu en Internet para a lectura gratuíta de quen quixer, e no que xa aparecen as propostas básicas para a Igrexa e para a sociedade do que hoxe é o Papa Francisco.

Sobre o servizo que o noso Papa deba ofrecerlle á Igrexa el saberá. Nós cremos que hai cousas de urxencia legal, como todo o relacionado coa pederastía e coa transparencia bancaria, que non permiten a máis mínima dilación; non sería ben normal e lóxico que a Banca Vaticana se adherise ao movemento da Banca Ética, que tantas expectativas está espertando entre tanta xente de vida e talante alternativo? Hai cousas que chocan co que son dignas conquistas culturais, sociais, espirituais, dos nosos tempos,

como é a democratización dos sistemas de funcionamento e a igualación de posibilidades, a non diferenciación de xénero (cousas que implican basicamente unha revisión a fondo dos ministerios na Igrexa), que habería que ir afrontando con sinxeleza e valentía desde o espírito propio de persoas seguidoras de Xesús, que temos, seguro, razóns abundas para ir a un máis aló aínda da democratización e da igualación e para unha estruturación axeitada desas realidades no corpo das comunidades cristiás.

O detalle da elección de sete cardeais de diferentes partes do mundo (Sean Patrick O'Malley, capuchino, arcebispo de Boston; Reinhard Marx, arcebispo de Munich; Giuseppe Bertello, presidente do *Governatorato* da Cidade do Vaticano, que representa á Curia; Francisco Xavier Errázuriz Ossa, cardeal emérito de Santiago de Chile; Oswal Gracias, arcebispo de Bombay; Laurent Monsengwo Pasinya, arcebispo de Kinshasa; George Pell, arcebispo de Sidney e Óscar Andrés Rodríguez, arcebispo de Tegucigalpa), para deles recibir orientación e consello

o labor de renovación da Curia e da Igrexa, é un pequeno, pero bo sinal desa posible democratización, que, sen risco de ningún tipo, ao contrario, se pode levar a cabo na Igrexa. En todo caso, a adhesión inquebrantable á persoa, ao estilo de vida de Xesús, será a referencia elemental que debería guiar os nosos pasos, e seguro que por aí nos conducirá sen receos o Papa Francisco. Oxalá todas, todos, enredados como estabamos ás veces en liortas internas, case sempre ideolóxicas, nos deixemos levar da súa man desde o narcisismo enfermizo á periferia da vida, ás marxes, onde a Igrexa poderá encontrarse a si mesma como igrexa pobre ao servizo da xente pobre. Todas, todos, teremos que converternos, e non pouco, seguro.

2.- O Papa e Galicia

Queremos subliñar algúns pequenos acenos que, sen intencionalidade de ningún tipo, o novo Papa nos ofreceu ás persoas que habitamos este pequeno país do *finis terrae*, irmandadas nisto co Papa que tamén se presentaba a si mesmo coma alguén chegado de

alá “case da fin do mundo”; “pero estamos aquí”, continuaba o Papa, e estamos aquí, dicimos tamén nós, aínda que a nosa voz sexa menos escoitada do que a do Papa.

O Papa vinculounos á nova etapa de Igrexa que comeza, eliminando coma Secretario da Congregación para a Vida Consagrada ao franciscano galego Frei Xosé Rodríguez Carballo, que desde o 2003 estaba sendo Ministro Xeral dos franciscanos. Un novo toque franciscano dun Papa, que, sendo xesuíta, parece ter descuberto en Francisco de Asís unha referencia oportuna para levar a cabo o labor de transformación que na Igrexa se debe facer. Frei Xosé é da aldea de Lodoselo, Sarreaus, na Limia ourensá, onde o mestre Antonio Rodríguez Corval coa súa dona Carme e cun fato de xente que os alenta e acompaña están facendo o milagre de converter unha aldea morta nunha aldea escola, con capacidade de manter vivo o noso pasado e de facelo obxecto de interese e elemento cultural vivo para as xentes que o visitan. O respecto e a aposta polo pequeno, polo marxinal, ben pode ser o fío

condutor que entrelace persoas e realidades tan distantes.

Comentamos antes o libro titulado *El jesuíta. Conversaciones con el cardenal Jorge Bergoglio, sj.* Nel batemos con parágrafos e aínda páxinas con atinadas reflexións sobre a patria, a identidade, a dialéctica entre o propio e o alleo, o propio país dentro do mundo globalizado no que estamos. Coma un pequeno exemplo, estas dúas pasaxes, nun contexto de debate sobre a identidade nacional: “Diálogo e amor supóñense no recoñecemento do outro coma outro, a aceptación da diversidade. Só así se pode fundar o valor da comunidade: non pretendendo que o outro se subordine aos meus criterios e prioridades, non absorbendo o outro, senón recoñecendo como valioso o que o outro é, e celebrando esa diversidade que nos enriquece a todos. O contrario é mero narcisismo, imperialismo, pura necidade”. E un pouco máis adiante, abundando no mesmo debate: “Os pobos, ao integrarse ao diálogo global, aportan os valores da súa cultura e teñen que defenderse de toda absorción desmedida ou síntese de

laboratorio que os dilúa no común, no global. E –ao aportar eses valores– reciben doutros pobos, co mesmo respecto e dignidade, as culturas que lles son propias” (páx 169).

Algo que todas, todos, firmaríamos como elemental, aínda que logo moitos, moitas, tanto do mundo eclesiástico coma relixioso, se se intenta aplicar a Galicia en relación cos demais pobos de España e do mundo, igual xa non o teñen tan claro. Próximo ao pensamento do Papa se mostraba o cardeal Sistach de Barcelona que o 23 de maio, na misa de San Xurxo, falaba da identidade milenaria de Cataluña coma unha identidade aberta e acolledora.

3.- Canonizacións veñen e van

Dándolle voltas aínda a cousas que teñen que ver co Papa Francisco e coas súas primeiras actuacións, atopámonos coa información de que posiblemente para o próximo outubro proceda á canonización do ata agora beato Karol Józef Wojtyła (Xoán Paulo II). Polo visto, cumpriuse xa o derradeiro requisito que faltaba, que era o dun milagre

testemuñado, cousa que disque se deu na curación inexplicable dunha muller mexicana; a Comisión Médica Vaticana, composta por sete médicos, así o corroborou, e o asunto pasa logo á Comisión de teólogos e posteriormente á opinión dos bispos e cardeais, membros da Congregación para as Causas dos Santos e Santas.

Tamén en datas recentes o Papa Francisco desbloqueou o proceso de beatificación e canonización do arcebispo do Salvador, Óscar Arnulfo Romero, asasinado o 24 de marzo do 1980, mentres celebraba a Eucaristía nun hospital de enfermos de cancro, ao día seguinte de pronunciar unha homilía na que lle pedía aos militares que se negasen a obedecer as ordes de matar. O seu proceso de canonización estaba arbitrariamente bloqueado por razóns ideolóxicas, que afirmaban non ser oportuna esta promoción á santidad. En moitísimas comunidades cristiás sobre todo de latinoamérica Monseñor Romero está xa sendo considerado e venerado coma santo.

Todas, todos na Igrexa estamos necesitados de persoas de

referencia que en cada época histórica nos vaian axudando a descubrir os trazos vitais da identidade cristiá, e por conseguinte son moito de agradecer as traxectorias de persoas que acaban sendo moi significativas, para uns máis que para outros, porque tamén nisto cada quen ten a súa sensibilidade espiritual; que o conxunto da Igrexa valide a traxectoria vital crente destas persoas debера ser unha garantía para quen andamos a tentas, buscando o mellor de Deus para as nosas vidas no noso momento presente. Pero sinceramente cremos que o conxunto do procedemento que se leva a cabo para a canonización dos santos e santas debería ser fundamentalmente revisado. Está claro que non sempre se xoga limpo e para a maior gloria de Deus, que por veces hai controis ideolóxicos, que o poderío económico ten unha forza especial á hora de relanzar certas canonizacións, que incluso certos criterios, coma o mesmo de facerse imprescindible a realidade dun milagre, chocan enormemente cunha sa sensibilidade moderna, etc. E non haberá formas máis limpas, máis humildes,

máis pobres, máis auténticas, de nos ofrecer o necesario servizo das testemuñas da fe? Esperamos que unha Igrexa pobre ao servizo da xente pobre diga e faga tamén algo novo sobre todo isto.

4.- O conforto de voces e accións solidarias

No entanto, por Galicia adiante, por España adiante a crise segue a facer estragos. A pertinaz práctica política dos gobernantes, aseverando que se están poñendo uns bos ali-cerces para un inmediato futuro de vida persoal e social en dignidade, vese diariamente frustrada por datos que se amorean, deixando á vista as vidas rotas de millóns de persoas e o deterioro progresivo da sociedade. Se a oficialidade da Igrexa española, despois dunhas tímidas declaracións das que nos fixemos eco nestas páxinas hai poucos meses, opta por calar e non insistir, por aquí e por alá xorden palabras e accións ás que nos agarramos coma luces na escuridade e coma motivacións para a participación coma persoas crentes neste contexto social crítico. Ofrecemos nada

máis ca uns pequenos exemplos desta abundosa acción de moitas persoas e comunidades cristiás que non queren quedar no seo da manta, vendo como se deteriora día a día a dignidade das persoas e da sociedade no seu conxunto.

Foi o 6 de abril cando na parroquia das Angustias de Madrid tivo lugar unha vixilia de oración en solidariedade coas persoas que máis están padecendo a crise. Membros de Cáritas, Migracións, Apostolado Segrar, Xustiza e Paz, Pastoral do Traballo, XOC, Irmandades do Traballo, EPPOS, e HOAC xuntáronse en horas de oración e celebración, deixándose levar e cuestionar pola presenza e pola palabra do Xesús da Pascua, polas vivencias dos salmos, polas historias dos contacontos, etc., na busca de luces e forzas para seguir andando por camiños de solidariedade real.

Celebrando o primeiro de maio, a HOAC e a XOC (movementos especializados da Acción Católica no mundo obreiro), a máis de participar nas accións reivindicativas do día, ofreceron á opinión pública un comunicado breve e firme no

que tomaban partido pola dignidade da persoa humana no traballo, e polo traballo como elemento imprescindible da dignidade da persoa humana. Non é que digan grandes novidades, que tampouco se trata diso, pero manteñen en pé o pensamento e a acción, desde a matriz cristiá que os caracteriza, cara á resolución dos problemas que o mundo obreiro ten no momento. A súa voz, a súa acción, estase constituíndo en referente necesario para quen tente responder coma militante cristián ao reto presente.

Por outra banda, o bispo de Lleida, Joan Piris, sitúase publicamente contra o abuso dos desafiuzamentos, firmando un documento de apoio á doazón en pago, comprometendo o antigo seminario para vivendas de afectados polos desafiuzamentos, sempre e cando haxa algunha empresa ou persoa que poida facer nel as remodelacións necesarias e declarando abertamente o que abertamente comenta a maioría da xente, pero que non é frecuente oír da boca dun bispo en declaración pública e publicada: “A situación que viven as familias

desafiuzadas é unha inxustiza e non entendo que se rescaten os bancos e non as persoas”.

5.- Máis aló da crise: o descenso aos infernos

É ben sabido que a crise, por desgraza, aféctalle máis ás persoas e grupos sociais máis débiles e marxinais. Un destes grupos é o mundo do cárcere. A crise está agudizando unha situación de por si dramática, favorecendo a delincuencia que leva a prisión e dificultando enormemente as expectativas de rehabilitación da poboación presa, que, sen perspectivas de traballo, atopa pecho un dos principais camiños que leva á inclusión social. Por iso é extraordinariamente importante o labor de persoas e institucións que se esforzan por lle buscar saídas a estas situacións cegas. No último número de *Vida Nueva*, 2845, páxs. 20-21, atopamos a presentación dunha experiencia que seguro que está confortando as vidas de moitas persoas que se ven nesa situación. *Loiolaetxea* (a casa de Loiola), promovida por unha comunidade de xesuítas, en colaboración cunha boa ren-

que de voluntarios/as, posibilita o tránsito da prisión á inclusión social mediante unha serie de servizos ben coordinados que fan posible, especialmente para a xente máis marxinal, aquilo que a primeira vista desbordaba as posibilidades destas persoas.

Pero isto fíxonos recordar que entre nós, nas terras de Mesía e de Curtis, o crego Víctor Blanco Naveiras, tamén acompañado por un bo fato de amigos e amigas, neste caso de vida e traballo rural, despois de pasar un tempo como participante directo na pastoral penitenciaria no cárcere de Teixeira, leva agora uns anos promovendo algo similar, un proxecto pastoral titulado “A Raíña”, porque “A Raíña” se chamaba o lugar da parroquia de Cabrui onde tomou corpo material a iniciativa. Dentro da orixinalidade que caracteriza o labor pastoral deste crego, o proxecto Raíña —unha corte de ovellas convertida en lugar de acollida de ovellas descarreiradas— ábre-lle as portas, o corazón, a vida a todas aquelas persoas que se tiñan arredado de Deus, pero que a Deus queren volver, cunha atención especial a persoas

que, despois de pasar polo cárcere, necesitan atopar persoas, ambientes, valoracións, fe que as axuden a recompoñer a súa traxectoria vital.

E neste mesmo empeño, aínda que con variacións no formato, un grupo de voluntarios/as, co crego Manolo Pérez á fronte, andan pola prisión de Pereiro de Aguiar e pola cidade de Ourense destapando esperanzas a persoas que delas están fondamente necesitadas. A parte do labor de apoio realizado en prisión con obradoiros de traballos manuais e de música para os momentos de celebracións cristiás e para as horas de lecer, empéñanse de maneira moi intensa en ofrecerlle acollida nun piso exterior para os días de permisos e para facilitar a inclusión social en tempos posteriores ao cumprimento de prisión. Cousa que loxicamente implica, cando isto é posible, un traballo coa familia desas persoas que están chamadas a ser as receptoras especiais desas vidas, aínda que para iso teñan dificultades a moreas. Por suposto, na ringleira dos beneficiados por este empeño están sobre todo persoas estranxeiras,

senegalesas maiormente, xente das pateiras, que viron como o soño de melloría co que partían do seu país se transformaba nas lúgubres estreituras dunha cadea nun dolorosísimo descenso aos infernos. Deus sexa bendito por tanto esforzo solidario!

6.- Unha vez máis, África

Polo demais, o nivel de redución da ollada e do corazón das persoas que vivimos no occidente europeo, en Galicia, en España, en concreto, é extraordinariamente perigoso. Vivimos centrados no noso, antes na nosa exultante exuberancia e agora na nosa crise laiona. Unha forma máis de vivir dunha forma autoreferencial, alleos/as ás periferias, ante o que o Papa Francisco gusta de nos poñer en garda. Os medios de comunicación encárganse moi ben de ser os transmisores e cultivadores, a un tempo, desa actitude vital, espiritual. E así, durante días e días teremos información puntual de algo acontecido, poñamos por caso, nos Estados Unidos, sexa de maior, mediana ou menor importancia, pero en Nixeria ou na República Democrática do Congo —é tamén un

exemplo— estanse a producir violencias e asasinatos sen medida e ninguén pasa nin explica esa información.

Por iso é moito de agradecer o labor levado a cabo por persoas, Igrexas e institucións benéficas que se empeñan en que non desaparezan das nosas ansias os países de África e as xentes que os habitan. Os misioneiros/as combonianos/as son un exemplo de dedicación a África, e por iso neste ano 2013, coincidindo co 50 aniversario da Organización para a Unidade Africana (OUA), converteron o número 583-584 de abril-maio da súa coñecida revista *Mundo Negro* nun excelente escaparate de todos e cada un dos países de África e das cuestións sociais, económicas, políticas, relixiosas, etc., que singularizan a esta importantísima parcela do mundo, onde tantos soños se cocen cada día e onde tamén tristemente tantas frustracións se engolen. Coñecer de preto a realidade sabemos que é sempre un primeiro paso, imprescindible, para facernos cargo dela, para encargarnos dela. Desde aquí invitamos, polo tanto, a un achegamento a este prestixiosa

revista, coa seguridade de que nos fará moito ben.

7.- Orgullosos/as de falar e rezar en galego

O anterior número da revista Encrucillada púxonos unha vez máis ante a evidencia da pouca estima que lle temos ao noso, á nosa identidade, especialmente á nosa fala. Por razóns que alí abondo se expresaron, seguimos como avergoñados/as de ser quen somos, como se sérmolo non nos permitise escapar dun “noso” que consideramos vergoñento, ou identificarnos cun “noso” que nos parece fonte de divisións indebidas. É coma se a un neno/nena lle negásemos a capacidade e o dereito de ser el mesmo, para, sendo el/ela, entrar no xogo libre das relacións e dos compromisos persoais e sociais. O que nos parecería un absurdo, incluso un abuso intolerable a nivel persoal, asumí-molo sen turbación a nivel social, a nivel de pobo, de Galicia. E así somos, desde esta perspectiva, o pobo roto, enfermo, a Igrexa tamén rota, enferma, debilitada para a vida, para o progreso, para a honra de Deus e para o maior proveito da xente.

Invitamos desde aquí a sermos humildemente, ousadamente, galegos/as, en galego, falando en galego, rezando en galego, tanto a nivel persoal coma grupal, comunitario. Recordámoslle ao lector/a que, a máis de servizos máis concretos e particulares, existen dúas importantes fontes de material para a celebración eucarística en galego, en internet. Un é *Remol*, que cada domingo nos ofrece un Pórtico, materiais para a celebración penitencial, un Remuíño, con ideas para a predicación ou a meditación persoal, unha

proclamación da fe, oracións da comunidade e algún texto final para a reflexión. O outro é a *Escola de Espiritualidade*, onde tamén para cada domingo encontrará o lector/a Comentarios ao Evanxeo, Preces e unha Pregaría. Accédese ao primeiro servizo pinchando www.remoldapalabra.blogspot.com.es; e ao segundo, pinchando en www.escoladeespiritualidade.blogspot.com.es. Bo proveito! E ata setembro, cun verán polo medio que a todos/as desexamos loitado, gozado, venturoso e feliz.

Manuel Regal Ledo



Los curas contra Franco. Ferrol 1950-1978

Cal Martínez, Rosa. Edicións Embora. Ferrol, 2012

Acabo de rematar a lectura das 518 páxinas deste libro. E antes de nada quero expresar dous agradecementos. O primeiro, aos curas e a algúns laicos e laicas que protagonizaron esta singradura –non en van falamos de Ferrol– ante todo por facéreno nun momento histórico en que non era un xogo loitar por aquelas causas; e despois á autora, que foi quen de afondar nese pozo sen fondo que foron os relatos dos autores, as múltiples e variadas testemuñas, os informes policiais e xudiciais, os documentos episcopais (dous bispos e un vicario que durou case tres anos), a prensa. Un inxente traballo que se pode cualificar de todo, menos de doado. Graciñas, Rosa.

Recordo que nos primeiros trinta anos de *Encrucillada*, máis dunha vez comentamos, nos Consellos de Redacción, que O Ferrol dos anos 50 a 80

ben merecía un estudo fondo. Polo que tiña de singularidade e de dimensión eclesial, social e mesmo internacional. (Foron varias as intervencións en distintos foros europeos). Pero nunca ninguén se sentiu quen de pór mans á obra. Eu, persoalmente, saín da secretaría da Revista, coa frustración de non telo logrado.

Estes días acollín o libro con verdadeira gratitude e satisfacción. A pesar de non estar escrito en galego. Unha chata que, din, non era doado evitar. E desexo que moitas persoas o lean e saiban agradecer coma min esta xesta. E sentírense contentas do que supón o compromiso cristián cando se leva ás súas últimas consecuencias.

Non ignoro as ambigüidades ou os aspectos “menos puros” que puido haber, como hai en toda obra humana. Pero, se o ledes, veredes que non foron xogos nin aventuras inocentes.

O texto comeza cunha presentación do lugar, do tempo e dos actores. O lugar, “*El Ferrol del Caudillo*” (por ser o berce de Franco), cidade onde triunfou o movemento do 36 despois de deixar moitas vítimas. O tempo, o período entre 1950 a 1978. E os protagonistas, máis ou menos unha ducia de cregos que pola súa formación, circunstancias pastorais e, sobre todo, pola súa sensibilidade social moi reforzada polo concilio Vaticano II, traballaron pola xustiza desde a fe e desde o Evanxeo. Hai que subliñar que, en todo momento, tiveron o respaldo dos dous bispos, ou do vicario na ausencia deles, comprometidos, criticados e perseguidos tamén.

Seguen once capítulos, onde se narran feitos concretos baseados en testemuños dos autores e das vítimas, segundo documentación citada. Estes feitos están relacionados coa vida laboral dos obreiros, en conflitos de diversas empresas –Megasa, Bazán, Aplinsa, Peninsular Madeireira–, na situación da etnia xitana e noutras inxustizas sociais. Recolle o labor de Cáritas e doutros movementos eclesiais –como XOC, HOAC, Os

Coloquios– e as reaccións da oposición non só gubernamental, senón doutros movementos –como os Guerrilleiros de Cristo Rei, a Irmandade Sacerdotal, etc.– ou particulares de “boa fe” que non podían asumir que desde a praxe cristiá se puidese traballar pola xustiza (¡!).

Os últimos feitos narrados son xa os asasinatos dos dous obreiros da Bazán o 10 de marzo do 72¹ e o de Moncho Reboiras o 12 de agosto do 75. Deste feito pode dicirse que marca unha nova xeira en Ferrol. Comeza a recta final do franquismo e veñen outras motivacións políticas, das que tamén fala o libro no epílogo.

Reflicte tamén os movementos estatais como “*Justicia y*

1 Con este motivo, a comunidade de RR. do S.C. en San Roque 22 de Santiago, da que eu formaba parte, recibimos a nova en plena celebración da Eucaristía con un grupo de persoas comprometidas. Enviamos unha carta, á que alude o informe policial das páxs. 381-382. Podo constatar o coñecemento de datos verdadeiros que constaban nos arquivos policiais. E a falsidade da interpretación que facían ao presentar á comunidade como froito dunha “rebelión” dentro da Congregación. Cando estabamos “enviadas” con plena confianza, para vivir o compromiso que nos pedía o Concilio. Foron datos erróneos ou terxiversados conscientemente?

Paz”, “*Cristianos por el socialismo*” e outras organizacións que loitaban pola xustiza.

Bos relatos que dan a coñecer o que de loita e de sacrificio supuxeron unhas accións longas no tempo e caras no prezo, mesmo tribunais e cadea, por non falar das multas que foron ben frecuentes. A mesma casa episcopal foi obxecto de rexistros. Algo que estivo motivado pola inxustiza na que se vivía

no País, e Ferrol tiña unha situación peculiar como cidade departamental. A reacción veu da forza do Evanxeo, impulsado polo Concilio, e facilitada pola reunión dun grupo de persoas ben dispostas á loita e ao sacrificio. Algúns xa non están con nós. A maioría viven, algúns no traballo e outros no retiro ou na enfermidade. Outras grazas, de novo, a eles.

Engracia Vidal



Mulheres que ousaram ficar. Contributos para a teologia feminista

Fernanda Henriques, Teresa Toldy, Maria Carlos Ramos, Maria Julieta Dias
(Edt) Ed Letras e Coisas. Leça de Palmeira, 2012

Este é un libro histórico, alén da súa importancia teolóxica, pois recolle os relatorios do Primeiro Coloquio Internacional de Teoloxías Feministas celebrado en Lisboa en novembro de 2011, e que supuxo o lanzamento da Asociación Portuguesa de Teoloxías Feministas (APTF). Con el ábrese en Portugal unha porta á reflexión e un espazo que ha permitir ás mulleres ao outro lado da raia recoñecerse na súa dimensión espiritual dende os feminismos.

O Coloquio enmarcou os relatorios contidos nesta obra e dos que paso a facer unha presentación tanto dos traballos como das súas autoras:

- *Escrituras e Feminismos: os seus discursos e as súas representacións*, a cargo de Isabel Allegro de Magalhães, catedrática de literatura comparada na Universidade Nova de Lisboa e integrante do movemento internacional

de mulleres Graal que ten nos seus enunciados contribuír á cultura do coidado no mundo;

- *Mulleres que ousaron reconstruír: a icona do Pai-Deus misericordioso en Oseas cap. 11* enunciada por Marie-Therè Wacker, profesora de Antigo Testamento e investigadora na Universidade de Muenster (Alemaña), integrante da ESW-TR (Asociación Europea de Mulleres para a Investigación Teolóxica)

- *Unha afirmación anacrónica verdadeira: Xesús era feminista* por Maria Julieta Mendes Dias, relixiosa, teóloga, e integrante da APTF.

- *Do protagonismo á desaparición, retratos dunha ausencia: a cuestión do xénero nos cristianismos das orixes* por André L. Barroso, doutorando en teoloxía pola IFCH-UNICAMP do Brasil.

- *A conceção inferior do feminino como "entidade transparente" na Filosofia e na Teologia* por Fernanda Henriques, profesora de filosofía na Universidade de Évora, e Teresa Toldy, profesora na Universidade Fernando Pessoa. Ámbalas dúas forman parte do equipo directivo da ATEFP. Teresa é a presidenta.

- *Una historia necesaria* por Roser Solé Besteiro, profesora de filosofía e Teoloxía, membra do Col·lectiu de Dones en l'Esglesia, ademais de pertencer á ATE e á ESTWR. No seu relatorio fixo un percorrido polos 25 anos que o Col·lectiu leva conxugando teoloxía e feminismo en Cataluña.

- *E Sara riu-se: mulheres que ousaram a desconstrução. O caso*

das primeiras pastoras na Alemanha por Eva Michel, teóloga polas universidades de Heidelberg e Tuebingen (Alemaña) e pastora da Igrexa Evanxélica Presbiteriana de Portugal.

A obra ábrese tamén coas letras de Frei Bento Domingues, dominico carismático, con gran predicamento no discurso teolóxico portugués.

Como toda botadura, a obra ten moito de definición e posicionamento da teoloxía feminista, que nunca está de máis re-propoñer e re-visitar, así como importantes achegas do traballo e a vida das mulleres que, en Portugal, queren alzar a súa voz para falar de Deus en feminino. Sen tempo non era!!

Marisa Vidal Collazo



Na véspera do silencio

Soledad Pite Sanjurjo. Ed Follas Novas. Santiago, 2012

Os ilustradores non o tiveron fácil cando o cristianismo pasou a ser relixión do Imperio. Como Xehová prohibira no Éxodo a representación en imaxes “*do que hai arriba, nos ceos; do que hai abaixo, na terra; do que hai nas augas, debaixo da terra*”, os primeiros bispos determinaron que as imaxes só servisen para reforzar a mensaxe divina; o que supuxo a prohibición de figuras realistas e que os ilustradores dos textos sagrados tivesen que inventar a arte románica.

Superada a oposición relixiosa, varios séculos despois xurdiu outra de carácter estético. Pensábase que a poesía —e por extensión toda a literatura— non podía expresarse en imaxes, do mesmo xeito que a imaxe non podía expresarse a través da literatura. O argumento principal era que a literatura recolle estados sucesivos, mentres a imaxe reco-

lle un intre determinado. Dito con outras palabras: o tempo é do dominio do poeta; o espazo é do dominio do artista. Os grandes ilustradores do XIX e do XX demostraron que o prexuízo era infundado, que literatura e arte son compatibles e que, cando autor e ilustrador teñen talento, as dúas artes se complementan e fortalecen.

Xa non hai prexuízos contra a ilustración e ata na fala coloquial acéptase —aínda que non sempre sexa certo— que unha imaxe vale por mil palabras. E, non obstante, os ilustradores actuais atópanse cun novo atranco: traducir a imaxes a creación poética cando a poesía é como a de Soledad Pite, na que —en palabras de Luís Cochón— “o poema, o verso, ten outro metal: que non se ve vir, que non se ve ser”.

Antes entendíase a escrita como a técnica propia do pen-

samento racional, e a imaxe como a técnica propia do pensamento máxico; pero esa simplificación xa non vale na poesía actual, na poesía de Soledad Pite. Artes e letras interrelacionáronse, impregnáronse de tal xeito no último século, que as conquistas da plástica —a súa maxia—, están tamén na linguaxe poética. Por iso Soledad pode falar de “palabra pintada e de pintura falada”.

Por iso ninguén como Soledad para ilustrar a propia poesía.

No poema *Eses días* —o primeiro ilustrado— lemos:

Eses días
nos que con teimosía
o corpo se nos impón.
Eses días...
Eses días son tamén
froita do tempo
e, sen dúbida,
a proba máis certa
da nosa inevitable
continxencia.

O poema parécese fermosísimo, pero non estou certo de interpretar todo o que Soledad puxo nel, polo que eu non ousaría ilustralo. Fíxoo ela cunha composición que me cativa. Non sei se a orixinal ten cores, pero non as boto de menos.

Olleina devagar moitas veces e canto máis a miro, máis me atrae. Renuncio a interpretala, e, como na lectura do poema, déixome apreixar na maxia da contextura, de cada elemento, de cada pequeno detalle. Véxoa como un gran acerto.

En *Mazá vermella sobre folio branco* si que boto de menos a cor; máis que nada por saber se a mazá que Soledad pintou é a de Eva ou a de Brancaneves, aínda que, se é vermella, debería ser a da princesa. A que Eva decidiu comer no Paraíso tería a cor apagada da froita que madurece na árbore, pode que ata tivese verme, pero sería verde, que seica é a cor da esperanza. E Eva tomouna da árbore da Ciencia do Ben e do Mal para ser libre e saber discernir o ben do mal, o ben feito do mal feito. Foi unha decisión heroica que un deus cruel castigou severisimamente; pero grazas a Eva, hoxe Soledad pode facer este magnífico libro de poemas, fermosamente ilustrado, e nós, os lectores, gorentármolos con el.

No poema *Tras, tris, tras*, fala Soledad do “agromar dos anovos”, do “esplendor dos

aromas”, dun “suspiro ao pairo entre as orelas de dous mares pletóricos de nadas”... Como se ilustra isto? Imposible se non se habita, coma ela, “o territorio da rosa”.

E que pintar cando “as letras tan amadas da verdade” teñen

que fuxir de tanto fariseo? Miro e admiro esta ilustración e as outras que non cito, espléndidas todas na execución, suxestivas e máxicas. Ilustracións dunha poeta da palabra e poeta da plástica.

Siro



La viña devastada. De Benedicto XVI al papa Francisco

Juan Rubio. RBA. Barcelona, 2013

Os primeiros xestos foron claramente desconcertantes. Sotana branca sinxela. Pectoral arcebispal. Silencio, humildade, sinxeleza. Espontaneidade e humor nas primeiras verbas. Veño do outro lado do mundo. Recordo agradecido do bispo emérito de Roma. Petición de oración ao pobo congregado para recibir a beizón de Deus. Bispo de Roma. Bispo e pobo. Pobo e bispo. Fraternidade, oración recíproca. Primacía na caridade. Fraternidade. Todo cun perfecto italiano con acento porteño.

A gran pregunta na mente de todos: continuidade ou cambio? Haberá reforma ou non? Serán os xestos meros signos dun simple aire distinto sen maior transcendencia na concepción eclesial de fondo ou serán algo máis? Serán xa o inicio simbólico do comezo da reforma da Igrexa?

A principal conclusión que tiro da lectura do novo libro

de Juan Rubio é que a maioría dos cardeais reunidos no último Conclave votaron consciente e explicitamente por un Papa reformador. Temos o testemuño directo do Papa Francisco cando, o 16 de marzo de 2013, na audiencia que tivo cos xornalistas, contou a motivación fonda da elección do seu nome e algún que outro detalle do que lle dicían, con humor, os cardeais. Logo de explicar a vinculación cos pobres e a importancia de Francisco, de Francisco de Asís, engade: “despois, algúns fixeron diversos chistes: «Pero ti deberíaste chamar Adriano, porque Adriano VI foi o reformador, e cómpre reformar...»” (p. 37). Pensemos na solemnidade do momento. Pensemos, igualmente, na relaxación que se produce logo de facerse efectiva a elección. Pensemos en como afloran espontaneamente as cousas que flotan no ambiente. Suposto todo isto non

é unha parvada que un cardeal vise pertinente e gracioso recomendarlle ao novo papa que se chamase Adriano, porque “cómpre reformar...”. É claro que non foi unha improvisación ou unha casualidade. A necesidade da reforma parecía imperar no ambiente e, como tantas veces, as realidades máis fondas emerxen a través do humor. Neste mesmo sentido tamén cómpre saber o seguinte: “Na chamada Capela das Bagoas, anexa á Sixtina, unha vez elixido, mentres permanecía só, o novo Papa revestíuse cunha das sotanas preparadas. Nos últimos días, en Roma cóntase que cando o mestre de cerimoniais, monseñor Marini, se achegou para poñerlle algunhas das prendas habituais e a cruz pectoral de ouro, Bergoglio, cun sorriso, respondeulle: «Non, non estamos no Entroido»” (p. 21).

Francisco acáballe de pedir a oito cardeais dos cinco continentes que o asesoren sobre a reforma da Curia. Fíxoo no día no que tan só se cumpría un mes da súa elección. Parece que non se trata unicamente de xestos baleiros. Parece que os xestos e as verbas teñen contido.

Os lectores de *Vida Nueva*, acostumbrados aos comentarios de actualidade de Juan Rubio, o seu director, tal vez noten un notable cambio de estilo que, ao meu modo de ver, é unha das calidades máis sobresaíntes desta obra. Nas súas análises semanais, Juan Rubio é fino como poucos, valente e extraordinariamente hábil coas palabras para axustarse con toda precisión ao que realmente quere dicir sen desvelar máis do que, en verdade, pode contar. Son escritos breves, pero moi traballados: *Intelligentibus pauca*. Polo contrario, neste libro, o rexistro é outro. A linguaxe é diáfana, a frase corta, as análises máis obxectivas e o estilo máis periodístico. Informa e entretén a quen estea familiarizado co ámbito relixioso, pero tamén introduce suave e directamente nel a quen non o coñeza tanto. Paréceme unha obra certamente recomendable para todo aquel que estea interesado no futuro inmediato que a Igrexa Católica ten ante si, á vista dos últimos pontificados (por máis que o pontificado de Xoán Paulo II e o de Bieito XVI poidan ser vistos, no esencial, coma un único pontificado cunha última coda de oito anos).

O lector atopará nos seus amenos oito capítulos un áxil achegamento á figura do cardeal Bergoglio e ás circunstancias da súa elección, así coma un perfil seu, agora xa como papa, en dez puntos, realmente esperanzador. A continuación o autor ofrécenos tres capítulos seguidos nos que se ocupa do cardeal Ratzinger, Bieito XVI e o seu “curto, intenso e polémico” pontificado. Non hai asunto que non apareza no libro. É un resume realmente axustado froito dun seguimento semanal dun bo periodista. A continuación está o capítulo sexto –tal vez longo de máis e, ao mellor, un pouco aburrido pola gran cantidade de datos estatísticos (tan útiles, polo demais)– titulado, “A nova xeografía da Igrexa Católica”. Logo, o autor esboza un elenco de retos que agardan ao novo papa. Destacan aquí, sobre todo, a reforma da Curia e o ecumenismo.

O libro remata cun capítulo dedicado a España e á situación da Igrexa española. O inicio non pode ser máis prometedo: “non é doada a tarefa que o novo pontífice terá que levar a cabo en España. Nos últimos

anos a xeografía da Igrexa española foi deseñada polo cardeal Antonio María Rouco Varela como presidente en tres ocasións non consecutivas do colectivo episcopal. Chegou a hora do relevo que, presumiblemente, terá lugar cando o próximo ano cumpra o tempo do seu cargo no colectivo episcopal, pese a que xa cumpriu a idade canónica e presentou a súa renuncia ao Papa en agosto de 2011” (p. 171). Un pouco máis adiante engade o autor: “Un día preguntoulle Bieito XVI a un importante eclesiástico español se a cor que mellor definía á Igrexa española era o gris. Este eclesiástico sorriu aplaudindo a perspicaz intuición de Ratzinger. Gris e dividida, como quedou de manifesto as dúas últimas veces que o cardeal Rouco logrou ser elixido presidente da Conferencia Episcopal: rozando a maioría por un escaso voto ou dous, a elección ofreceu a idea dun episcopado fragmentado”(p. 172). Logo deste inicio, o autor desenvolve o contido do capítulo nunha clave máis xeneralista na que a perspectiva especialmente salientada é a política. Zapatero, Francisco Vázquez, Cañizares,

Zarzalejos, PP, PSOE, JMJ, Cataluña, etc... son os nomes e os asuntos máis comentados. Persoalmente penso que neste último capítulo o autor perdeu a oportunidade de facer unha análise máis propia e específica, de carácter máis teolóxico e eclesial que, incluíndo os datos políticos e sociolóxicos que fosen máis relevantes, puidese

aportar unha visión máis creativa, máis persoal, e máis singular que non poden aportar outros periodistas sen o tino eclesial que xa ten demostrado Juan Rubio. En calquera caso, non dubido en recomendalo coma unha lectura moi axeitada para o xa próximo lecer estival.

Pedro Castelao



Solórzano, José Antonio, *Hermann Hesse, el obstinado*, Knaf, Zaragoza 2012. 470 páx. Expresarte.

Magnífico libro que celebra o 50 aniversario da morte deste alemán universal. José Antonio Solorzano, que dedicou a Hermann Hess a súa tese doutoral, introdúcenos cunha obra de moi bela feitaura no universo de Hermann Hess. O libro reborda da paixón de Solórzano por un dos autores máis lidos da historia, premio Nobel de Literatura en 1946. Ilustrado con belas acuarelas do propio Hess, editado en tapa dura e acompañado dun CD con máis obra pictórica de Hess e a tese doutoral do autor, é un libro dirixido especialmente á xente moza, como case todas as obras da editorial Khaf.

Martínez Camino, Silvia, *Caminar por lo sagrado. Los espacios sagrados en las religiones*, Knaf, Zaragoza 2012. 160 páx. Expresarte.

Silvia Martínez Camino é doutora en educación, bacharel en teoloxía, arquitecta técnica

e conservadora e restauradora de bens culturais. Neste libro, pródigo en imaxes, analiza os espazos sagrados nas relixións, lugares de apertura ao infinito que nos fan despreregar a nosa capacidade de intuír a inmensidade da divindade no noso corazón.

González-Carvajal, Luis, *La fe, un tesoro en vasijas de barro*, Sal Terrae, Santander 2012. 158 páx. Alcance.

Este libro pode axudar a revitalizar a fe de quen cre e mesmo pode ser un convite a crer para quen non ten fe. Luís González-Carvajal, participou no Foro Encrucillada no 2011 e ata o ano 2012 foi profesor de Moral Social na Facultade de Teoloxía da Universidade Pontificia Comillas (Madrid). Nesta obra analiza que é crer, examina as formas de increnza e mostra como é posible crer en tempos de increnza.

Rodríguez Olaizola, José María, *La Pasión en Contemplaciones de papel*, Sal Terrae, Santander 2012. 230 páx. El pozo de Siquem.

Para o autor contemplar é empaparse do que se ve; deixándose remover, implicar. Dende esta perspectiva o libro afonda na Paixón de Xesús abrindo a reflexión sobre a propia historia. O autor é xesuíta, e traballa en pastoral universitaria en Valladolid.

Madrigal, Santiago, *Tríptico conciliar. Relato-misterio-espíritu del Vaticano II*, Sal Terrae, Santander 2012. 247 páx. Presencia teolóxica.

Santiago Madrigal é profesor de Eclesioloxía, Teoloxía ecuménica e Historia da Teoloxía na Facultade de Teoloxía da Universidade Pontificia Comillas. Neste libro, en tres partes, ofrece o relato teolóxico da asemblea eclesial, a reflexión de Xoán Paulo II, presentada como corpo doutrinal e enriquecemento da fe, e a visión do dominico Edward Schillebeeckx, que dá prioridade ao espírito do acontecemento sobre a doutrina dos documentos.

Kasper, Walter, *La misericordia. Clave del Evangelio y de una vida cristiana*, Sal Terrae, Santander 2012. 247 páx. Presencia teolóxica.

Kasper, doutor en Teoloxía e profesor de Dogmática xungue reflexión teolóxica e conside-

racións espirituais, pastorais e sociais no tratamento da misericordia, tema que introduce interrogantes na praxe cristiá, eclesial e social.

O orixinal alemán: *Barmherzigkeit Grundbegriff des Evangeliums Schlüssel christlichen Lebens* editouno o Inst. de Teoloxía, Ecumenismo e Espiritualidade Cardeal Walter Kasper en Vallendar (Alemaña) en 2012. A tradución é de José Manuel Lozano-Gotor Perona.

Scicluna, C.J., Zollner, H., Ayotte, D.J. (Eds.), *Abuso sexual contra los menores en la Iglesia. Hacia la curación y la renovación*, Sal Terrae, Santander 2012. 261 páx. Presencia teolóxica.

Esta obra recolle as actas do Simposio que sobre este tema organizou a Pontificia Universidade Gregoriana de Roma en febreiro de 2012, e que se marcou como obxectivos dar voz ás vítimas, favorecer unha cultura da escoita na busca de solucións e dar a coñecer que se pode facer para protexer desta violencia ás persoas máis febles

O orixinal italiano: *Verso la Guarigione e il Rinnovamento* editouno a Pontificia Università Gregoriana de Roma en 2012.

O coordinador da tradución ao castelán foi Alex Zatirka.

Gallagher, Michael Paul, *Mapas de la fe. Diez grandes creyentes desde Newman hasta Ratzinger*, Sal Terrae, Santander 2012. 208 páx. Presencia teolóxica.

O autor, reitor do Colexio Bellarmino e catedrático de teoloxía fundamental na Universidade Gregoriana de Roma, traduce e contrasta as reflexións sobre a fe de John Henry Newman, Maurice Blondel, Karl Rahner, Hans Urs von Balthasar, Bernard Lonergan, Flannery O'Connor, Dorothee Söller, Charles Taylor, Pierangelo Sequeri Joseph Ratzinger, nove homes e unha muller.

O orixinal inglés: *Faith Maps from Newman to Joseph Ratzinger* publicouno Darton, Longman and Todd Ltd, en Londres no 2010. A tradución é de Milagros Amado Mier

Gómez Xurxo, Silvestre, Pin Millares, Xosé María, *O Novo Testamento para a xente nova*, SEPT S.A., Vigo, 2012. 144 páx.

Edición dirixida a nenos e nenas a partir dos oito anos, esta publicación recorda a *Biblia dos nenos*, publicada tamén por SEPT en 1975. Os textos

van precedidos dunha breve introdución e están tomados da terceira edición da *Biblia en galego*. As ilustracións son de Rodrigo Chao. Amais de recoller os textos evanxélicos, o libro presenta as implicacións que estes textos teñen nos temas de xustiza, solidariedade, dor, pobreza, liberdade, felicidade, oración,... Resulta útil tanto para a lectura individual ou en familia como para a catequese ou a ensinanza relixiosa escolar.

Rubio Fernández, Juan, *Hubo una vez un Concilio. Carta a un joven que no conoció el Vaticano II*, Ed. Khaf, Zaragoza 2012. Expresiones.

O autor, Juan Rubio Fernández, sacerdote diocesano, xornalista e director da revista *Vida Nueva* propón, de xeito epistolar, un achegamento ao Concilio Vaticano II, o que foi, supuxo e é hoxe, para as persoas mozas, que non o viviron e non gardan memoria del.

Merton, Thomas, *Tiempos de celebración*, Sal Terrae, Santander 2013. 238 páx. El pozo de Siquem.

A liturxia é propia de todo o pobo de Deus, e axúdanos na transformación da Igrexa. O

monxe da trapa Thomas Merton presenta un achegamento a formas e expresións litúrxicas converténdonos a todos en actores activos nas celebracións, non meros espectadores.

O orixinal inglés: *Seasons of celebration* publicouno The Abbey of Gethsemani en 1950, con reedicións en 1958, 1962, 1964 e 1965. A tradución é de José María Valverde.

Gutierrez, Gustavo, *La espiritualidad de la liberación. Escritos esenciales*, Sal Terrae, Santander 2012. 271 páx. El pozo de Siquem.

O dominico peruano Gustavo Gutiérrez é un dos teólogos máis influentes do século XX. Esta obra está editada por Daniel G. Groody, que fai un percorrido histórico pola vida de Gutiérrez recollendo escritos seus en tres bloques temáticos: O don da vida, os ollos da fe e o desafío do Reino.

O orixinal inglés: *Spiritual Writings* publicouno Orbis Books en Maryknoll, NY, en 2011. A tradución é de Milagros Amado Mier.

Marisa Vidal Collazo

ASOCIACIÓN DE COOPERACIÓN EXTERIOR
ÉGUEIRE
www.egueire.org

V FESTA AFRICANA

6 DE XULLO 2013 NAS INSTALACIÓNS DE NATURMAZ EN MAZARICOS.

¡ACHÉGATE E COMPARTE CONNOSCO ESE DÍA!

Logo: Asociación de Cooperación Exterior ÉGUEIRE. Xuntos construímos futuro.

XXVIII FORO Encrucillada

Xa está en marcha un novo Foro Encrucillada. Convén que vaian reservando a data: **Sábado 26 de outubro de 2013**.

- Tema: ***A multiforme presenza da cuestión de Deus.***
- Os relatorios que estamos preparando son:
 - A presenza da cuestión de Deus na sociedade actual, por Isabel Allegro de Magalhães (U. Nova de Lisboa).
 - A presenza da cuestión de Deus no pensamento de Raimon Panikkar, por Victorino Pérez Prieto (USC).
 - A presenza da cuestión de Deus nas teoloxías sistemáticas actuais, por Pedro Castelao (U. P. Comillas).

ERRO: Na Revista Encrucillada 181, dedicada á violencia de xénero, cometemos un erro. A bibliografía que aparece na páxina 23, a continuación do estudo sobre violencia de xénero de Rita Rald Philipp, en realidade debería ir na pág 72, pois corresponde ao artigo titulado Prostitución e feminismo. Enleadas no fío do debate, de Beatriz Pérez Fernández e Rebeca Raso Praceres.

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

 NOVA
ESCOLA
GALEGA

Publicación cuatrimestral dirixida a tódalas persoas interesadas no mundo da educación.

Subscríbete por 34 euros ao ano!

(Desconto para asociados/as de Nova Escola Galega)

Toda a información en:

www.nova-escola-galega.org



183

